



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 31)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e quince minutos do día **nove de outubro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de outubro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA ILUMINACIÓN NAVIDEÑA DA FACHADA DO PAZO DE SAN MARCOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da iluminación Navideña da fachada do Pazo de San Marcos:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7GVXCYBBXN3KRKDVPGEB2D6E.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IIV7GWDXDLDW6ZGX6UB4S757V6M.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GWDXDDBLRC6VMSAHW55YHG7Y.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GWSYSZUOCTSOLRQ5RH5COB4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GQTZKHJRTKRB6YF5GCNXUCI.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GQTZJMHXZYWO7WVOBEXXX6Q.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración, instalación, conexión, mantemento, desmontaxe e almacenamento, mediante arrendamento sen opción de compra dos elementos decorativos que iluminarán a fachada do edificio de San Marcos durante as festas do Nadal.

2º.- O prazo de duración do contrato será de un ano con posibilidade de prórroga (1+1+1+1). Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas dun ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

En todo caso, as subministracións e instalacións deberán estar terminadas, probadas e en perfecto estado para a súa posta en servizo 48 horas antes do día e hora fixados para a súa inauguración os cales lle serán comunicados polo responsable do contrato.

A iluminación estará acendida dende a data de inauguración ata o a noite do 6 ao 7 de xaneiro.

A desmontaxe dos mesmos comezará o primeiro día hábil despois de 6 de xaneiro. As estruturas e instalacións provisionais deberán ser desinstaladas, nun prazo non superior a quince días dende a derradeira xornada de uso.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no

expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 8.403,45 euros. O orzamento base de licitación inclúe 1.458,45 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 6.945,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9200.203 do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 8.403,45€, para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN POR LOTES DAS PÓLIZAS DE SEGUROS DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES, RESPONSABILIDADE CIVIL, FROTA DE VEHÍCULOS, VIDA E

**ACCIDENTES, SEGURO DE GANDO VACÚN E SEGURO DE GANDO CABALAR
DESTA DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vistas as actas das sesións das Mesas de Contratación, celebradas os días 6 de agosto de 2020 e o 28 de setembro de 2020, así como o informe do servizo de Contratación emitido e co obxecto de facilitar a fiscalización destas actas, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Informe de necesidade da contratación, con CSV: IV66U6A6DP7NVXO44TQCOUKFII.

Informe de insuficiencia de medios, con CSV: V66U6AYJJ5IXTVM4NN4L4IBGM.

Providencia de inicio, con CSV: IV66U6A6DP7NVXO44TQCOUKFII.

Prego de prescricións técnicas.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV:IV66QWHCIBZC7CMTW4QS57SB4I.

Publicación o día 24.02.2020 do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e data de envío da publicacióna ao DOUE o día 21/02/2020.

Que o 14 de marzo de 2020 entrou en vigor o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo

Covid-19, en cuxa Disposición Adicional Terceira establécese con carácter xeral a suspensión dos prazos administrativos, entre os que se atopan os correspondentes aos procedementos de licitación de contratos do sector público.

O día 16.03.2020 rectifícase o anuncio de Licitación inicialmente publicado o día 24.02.2020 como consecuencia da suspensión dos prazos administrativos, entre os que se atopan os correspondentes aos procedementos de licitación de contratos do sector público.

Por decreto de presidencia de data 16.03.2020 aprobouse prorrogar, polo procedemento de emerxencia, as pólizas dos seguros por un prazo de dous meses con efectos a partir das datas de vencemento das actuais pólizas en vigor, para poder continuar cumprindo ás prestacións contractuais, e mantendo inalteradas durante as mesmas, as condicións e características contractuais, sendo os importes das prórrogas os importes das adxudicacións.

En virtude do establecido na Disposición adicional oitava do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para afrontar o impacto económico e social de Covid. 2019, desde a entrada en vigor do Real decreto lei, o 7 de maio de 2020, levántase a suspensión dos termos e a interrupción dos termos de todos os procedementos de contratación promovidos pola Deputación de Lugo, xa que en todos son procesados por medios electrónicos.

Publícase de novo o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), reanudando o prazo de presentación de ofertas e rectificando a data final para a presentación das mesmas, sendo ésta o 18/05/2020 ás 23:59 . No anuncio indícase que esta modificación é en aplicación da Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 17/2020, que levanta a suspensión dos términos e interrupción dos prazos en relación á contratación pública da Deputación de Lugo.

Acta da mesa de contratación, reunida en acto público, con data 28 de maio de 2020. CSV: IV67UPJ3GFRNXPJ7ABWDKAQH6Q.

Resolución de Presidencia de 17 de xuño de 2020, con IV67QCHY3X4CZHFDQTWVKNIBBY , pola que se clasificou aos licitadores presentados para cada un dos lotes e acordouse requirir ás empresas para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Acta da mesa de contratación, reunida en data 17 de xullo de 2020. CSV:IV677WQ3LMRM36H65U7HGNLD64.

Acta da mesa de contratación, reunida en data 06 de agosto de 2020. CSV: IV673S76JUMNJRHIRRIBGE7EEA.

Acta da mesa de contratación, reunida en data 28 de setembro de 2020. CSV: IV7GWYIDJFGKWVE3WXYSMIJC6I.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2020.

Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do contrato de seguro.

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación das pólizas dos seguros privados de danos en bens mobles e inmobles, responsabilidade civil, frota de vehículos, vida e accidentes, seguro de gando vacún e seguro de gando cabalar da Deputación Provincial de Lugo.

O contrato terá carácter privado (de servizos) de conformidade co disposto no artigo 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e

2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), que se aplicará en canto a súa preparación e adxudicación (art. 26 da LCSP).

En canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto neste prego, rexerase polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do Contrato de Seguro, e calquera disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP. O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, consonte ao establecido no artigo 21 da LCSP [Cifra actualizada polo artigo único 1.c) da Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2020 («B.O.E.» 31 diciembre)].

En cumprimento do disposto no artigo 99 da LCSP o contrato dividirase en lotes, concretamente nos 6 seguintes:

LOTE	SEGURO
1	SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES
2	SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL
3	SEGURO DE LA FLOTA DE VEHICULOS E MAQUINARIA.
4	SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA TODO O PERSOAL EN ACTIVO E CORPORATIVOS
5	SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN DA GRANXA GAYOSO CASTRO.
6	SEGURO DE GANDO CABALLAR DA GRANXA GAYOSO CASTRO

O día 24.02.2020 publicouse o Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e data de envío da publicacióna ao DOUE o día 21/02/2020.

O 14 de marzo de 2020 entrou en vigor o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo Covid-19, en cuxa Disposición Adicional Terceira establécese con carácter xeral a suspensión dos prazos administrativos, entre os que se atopan os correspondentes aos procedementos de licitación de contratos do sector público, polo que o día 16.03.2020 rectifícase o anuncio de Licitación inicialmente e parálizase o cómputo do prazo de presentación de ofertas.

Por decreto de presidencia de data 16.03.2020 e co fin de evitar perxuizos nos dereitos e intereses xerais desta Deputación, aprobou prorrogar, polo procedemento de emerxencia, as pólizas dos seguros por un prazo de dous meses con efectos a partir das datas indicadas a continuación para poder continuar cumprindo ás prestacións contractuais, e mantendo inalteradas durante as prórrogas, as condicións e características contractuais, sendo os importes das prórrogas os importes das adxudicacións.

SEGURO	Entrada en vigor da prórroga
SEGURO DE DANOS BENS MOBLES E INMOBLES	Das 00.00 horas do día 31 de marzo de 2020
SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.	Das 00.00 horas do 31 de marzo de 2020
SEGURO DE LA FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA.	Das 00.00 horas do 31 de marzo de 2020
SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA TODO O PERSOAL EN ACTIVO E CORPORATIVOS	Das 00.00 horas do 1 de abril de 2020

En virtude do establecido na Disposición adicional oitava do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para afrontar o impacto económico e social de Covid. 2019, desde a entrada en vigor do Real decreto lei, o 7 de maio de 2020, levántase a suspensión dos termos e a interrupción dos termos de todos os procedementos de contratación promovidos pola Deputación de Lugo, xa que en todos son procesados por medios electrónicos.

Publícase de novo o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), reanudando o prazo de presentación de ofertas e rectificando a data final para a presentación das mesmas, sendo ésta o 18/05/2020 a las 23:59 . No anuncio indícase que esta modificación é en aplicación da Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 17/2020, que levanta a suspensión dos términos e interrupción dos prazos en relación á contratación pública da Deputación de Lugo.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 28 de maio de 2020, deuse conta dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público.

LOTE I.- SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES
HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA, S.A.
LOTE II.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.
SEGURCAIXA, ADESLAS, S.A.
LOTE III.- SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS.
HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A
BIKBAO, COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS
LOTE IV.- SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL.
PREVISIÓN BALEAR,M.P.S
VIDACAIXA, SAU SEGUROS Y REASEGUROS
LOTE V.- SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN.
HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A
MAPFRE ESPAÑA, S.A.
LOTE VI.- SEGURO DE GANDO CABALLAR.
MAPFRE ESPAÑA, S.A.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre A, documentación administrativa, resultando que as licitadoras presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente.

A Mesa de Contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación, sen perxuízo de consultar á Plataforma de contratos do Sector Público a integridade da oferta presentada por Helvetia, Compañía Suíza, S.A. para os lotes I, III e V, e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliados automaticamente, recollidos no PCAP, sendo os resultados os reflexados a continuación:

Sobre B: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Lote I.- Seguro de danos en bens móbiles e inmóbiles

LICITADORES	ANEXO III	PUNTUACIÓN
HELVETIA, COMPAÑÍA SUÍZA, S.A. *(baixa desproporcionada ou anormal se a prima é inferior a 135.000 euros)	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 178.987 euros para os dous anos.	50
	Inclusión de mobiliario urbano (incluído fiestra arqueolóxica) .60.000 € A primer risco: 20 puntos. ☒ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☐ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	20
	Derogación de exclusión: Bens situados en, sobre, baixo a auga, xa sexa no mar, lagos, ríos o canles similares ou que se atopen fora da costa ou márxenes (incluíndo os pantaláns) .- 100.000 euros primer riesgo: 30 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0

Lote II.- Seguro de responsabilidade civil.

LICITADORES	ANEXO III	PUNTUACIÓN
SEGURCAIXA, ADESLAS, S.A. *(baixa desproporcionada ou anormal se a prima é inferior a 126.000 euros)	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 161.984,90 euros para os dous anos.	50
	Incremento do sublímite por vítima en patronal e cruzada a 900.000 Euros: 10 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0
	Incremento do límite para Perxuízos Patrimoniais Puros a 900.000 Euros: 7 puntos . ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0
	Comprométese a incrementar o límite para LOPD (deben incrementarse o agregado anual e por sinistro na mesma %) nunha % de 20 % (5 puntos)	5
	Derogación da exclusión de actos normativos no ámbito de todas as garantías do prego que mencionan dita exclusión: 8 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0
	Derogación da "exclusión x" das exclusións xerais do presente prego: 4,5 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0
	Derogación da exclusión "f" das exclusións correspondentes a PPP (Perjuicios Patrimoniais Puros): 3,75 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0
	Derogación da exclusión "h" das exclusións correspondentes a PPP (Perjuicios Patrimoniais Puros): 3,75 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0
	Retroactividade para aquelas reclamacións que non sexan feitos coñecidos polo asegurado e que se atopen fora do ámbito de aplicación do período de descubrimento da póliza anterior. Solo terá efecto se existe a cobertura na póliza que cubre a retroactividade: 8 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0

Lote III.- Seguro de flota de vehículos.

LICITADORES	ANEXO III	PUNTUACIÓN
HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 97.548 euros para os dous anos. (40 puntos)	34,23
	Comprométese a incrementar o sublímite establecido na cobertura de danos por impacto a especies cinexéticas en 9.000 euros (Máximo 20 puntos).	20
	Ampliación da cobertura de asistencia en viaxe de forma que na partida de remolcaxe dos vehículos, éste realizarase no taller designado polo cliente o á sede del Parque Móbil (situada en Lugo) con un límite mínimo de 1.200 € para todas as categorías: (40 puntos). ☒ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☐ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	40
BIKBAO, COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS. *(baixa desproporcionada ou anormal se a prima é inferior a 78.038,40 euros)	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 83.479,36 euros para os dous anos. (40 puntos)	40
	Comprométese a incrementar o sublímite establecido na cobertura de danos por impacto a especies cinexéticas en 9.000euros (Máximo 20 puntos).	20
	Ampliación da cobertura de asistencia en viaxe de forma que na partida de remolcaxe dos vehículos, éste realizarase no taller designado polo cliente o á sede del Parque Móbil (situada en Lugo) con un límite mínimo de 1.200 € para todas as categorías: (40 puntos). ☒ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☐ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	40

Lote IV.- Seguro de vida y accidentes para todo el personal.

LICITADORES	ANEXO III	PUNTUACIÓN
PREVISIÓN BALEAR,M.P.S	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 486.587,58 euros para os dous anos. (máximo 45 puntos)	41,43
	Comprométese a incrementar o sublímite de falecemento por calquera causa en 4.000 euros. (Máximo 15 puntos).	7,5
	Comprométese a incrementar sublímite de invalidez total en 1.000 euros. (Máximo 13 puntos).	13
	Comprométese a incrementar o sublímite de invalidez absoluta e permanente en 5.000 euros. (Máximo 16 puntos).	13,77
	Comprométese a incrementar o sublímite de accidente laboral en 14.000 euros.(Máximo 11 puntos).	11
VIDACAIXA, SAU SEGUROS Y REASEGUROS. *(baixa desproporcionada ou anormal se a prima é inferior a 389.270,06 euros)	- Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 447.986,70 euros para os dous anos. (máximo 45 puntos)	45
	Comprométese a incrementar o sublímite de falecemento por calquera causa en 8.000 euros. (Máximo 15 puntos).	15
	Comprométese a incrementar sublímite de invalidez total en 810 euros. (Máximo 13 puntos).	10,53
	Comprométese a incrementar o sublímite de invalidez absoluta e permanente en 5.810 euros. (Máximo 16 puntos).	16
	Comprométese a incrementar o sublímite de accidente laboral. En 5.497 euros . (Máximo 11 puntos).	4,32

Lote V.- Seguro de explotación de gando vacún de reprodución e produción.

LICITADORES	ANEXO III	PUNTUACIÓN
HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A *(baixa desproporcionada ou anormal se a prima é inferior a 22.895,20 euros)	- Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 24.738,30 euros para os dous anos. (100 puntos)	100
MAPFRE ESPAÑA, S.A.	- Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 28.619 euros para os dous anos. (100 puntos)	86,44

Lote VI.-Seguro de gando caballar.

LICITADORES	ANEXO III	PUNTUACIÓN
MAPFRE ESPAÑA, S.A. *(baixa desproporcionada ou anormal se a prima é inferior a 3.750 euros)	- Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 4.980,40 euros para os dous anos. (80 puntos).	80
	Inclusión de garantía de retirada e destrución para os animais de máis de 14 anos.- 20 puntos. ☐ SI accede a incluír esta mellora nas coberturas ☒ NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

LOTE I.- SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A	70
LOTE II.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-SEGURCAIXA, ADESLAS, S.A.	55
LOTE III.- SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS.	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-BILBAO, COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.	100
2.-HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A	94,23
LOTE IV.- SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL.	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-VIDACAIXA, SAU SEGUROS Y REA-SEGUROS.	90,85
2.-PREVISIÓN BALEAR,M.P.S	86,70
LOTE V.- SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN.	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A	100
2.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.	86,44
LOTE VI.- SEGURO DE GANDO CABALLAR.	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.	80

Requirir ás empresas Helvetia, Compañía Suiza,S.A (lotes I e V); Segurcaixa, Adeslas, S.A. (lote II); Bilbao, Compañía Anónima de Seguros y Rea-Seguros. (lote III); Vidacaixa, SAU Seguros Y Rea-Seguros (lote IV) e Mapfre España, S.A. (lote VI) , para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, presentada documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Unha vez realizada á Plataforma a consulta sobre a integridade das ofertas presentadas pola compañía Helvetia, Compañía Suiza,S.A, para os lotes I, III e V, recibimos esta contestación en resposta á consulta formulada:

“Estimado/a usuario/a,

Este error se produce, por ejemplo, cuando han firmado la misma propuesta con dos versiones de java diferentes. En cualquier caso, se trata de un error no imputable al licitador o a su medio de firma.

Para mayor tranquilidad, pueden verificar el certificado electrónico del licitador. Para ello, extraigan el certificado del fichero pdf autorizaciones_de_consulta.pdf. Se encuentran en la parte final del pdf. Cópienlo y realicen la comprobación en valide.redsara.es >> Validar certificado.

Vista a Resolución de Presidencia de 17 de xuño de 2020, con IV67QCHY3X4CZHFDQTWVKNIBBY , pola que se clasificou aos licitadores presentados para cada un dos lotes e acordouse requirir ás empresas para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas .

A mesa de contratación, reúne en data 17 de xullo de 2020, e da conta aos membros da mesa de contratación de que na sesión celebrada en data 28.05.2020, a mesa de contratación acordou requirir ás seguintes empresas a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

LOTE I.- SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES
LICITADORES
1.-HELVETIA, COMPAÑIA SUIZA,S.A

LOTE II.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.
LICITADORES
1.-SEGURCAIXA, ADESLAS, S.A.

LOTE III.- SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS.
LICITADORES
1.-BILBAO, COMPAÑIA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

LOTE IV.- SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL.
LICITADORES
1.-VIDACAIXA, SAU SEGUROS Y REA-SEGUROS.

LOTE V.- SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN.
LICITADORES
1.-HELVETIA, COMPAÑIA SUIZA,S.A

LOTE VI.- SEGURO DE GANDO CABALLAR.
LICITADORES
1.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.

As empresas atenderon aos requirimentos, dentro do prazo concedido a tales efectos.

A continuación, relaciónase a documentación obxecto de emenda, entendendo que a restante documentación está presentada correctamente segundo o recollido no art.150.2LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles remite íntegramente toda a documentación presentada polas empresas, polo que ao non facer observacións algunha neste sentido enténdese correctamente presentada.

A Mesa de Contratación, vista a documentación e as diferentes deficiencias detectadas, acordou, por unanimidade requirir a subsanación segundo se detalla a continuación, para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

Documentación a subsanar lote I e V: (Helvetia, Compañía Suiza,S.A)

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). Presenta unha declaración responsable no seu lugar.

Bastanteo do poder do representante.

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Certificación acreditativa de estar inscrita no Rexistro de entidades aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o ramo de seguros que contemplan as prestacións fixadas no presente contrato, consonte co establecido no artigo 74 del Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados). Presenta un certificado de solvencia emitido pola Dirección General de Seguros, pero o que se pide é que informen de que a entidade está autorizada a prestar a actividade de aseguramento na rama de

actividade de “danos en bens mobles e inmoables” e na rama de “seguro de explotación de gando vacún”.

Solvencia económica: Non constan as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica: non acredita.

Documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria. (para ambos lote).

Están mal os importes das transferencias realizadas en concepto de garantía tanto do lote I coma do Lote VI. (os importes correctos das garantías serían Lote I=8.949,35 euros e Lote V =1.236,92 euros).

Documentación a subsanar lote II: (Segurcaixa, Adeslas, S.A.)

O aval non é orixinal.

Alta do IAE, xa que no recibo achegado no consta o epígrafe da actividade.

Documentación a subsanar lote III:(Bilbao, Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros)

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

Alta do IAE, xa que no recibo achegado no consta o epígrafe da actividade.

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Solvencia económica: Non constan as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Facer un suplemento de un céntimo ao importe do aval.

Documentación a subsanar lote IV: (Vidacaixa, SAU Seguros y Rea-Seguros.)

Facer un suplemento de un céntimo ao importe do aval.

Documentación a subsanar lote VI: (Mapfre España, S.A.)

Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ás prestacións obxecto de contratación, que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Certificación acreditativa de estar inscrita no Rexistro de entidades aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o ramo de seguros que contemplen as prestacións fixadas no presente contrato, consonte co establecido no artigo 74 del Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados).

Solvencia Técnica: o certificado é incorrecto, non identifica o cargo da persoa que o emite.

O certificado do seguro de caución en concepto de garantía indica a cantidade de 249,00 euros cando realmente é 249,02 euros. Ten que facer un suplemento pola cantidade de 2 céntimos.

Reunida a Mesa de contratación o día 6 de agosto de 2020, aos efectos de examinar a subsanación de documentación do artigo 150 da LCSP, dase conta que os requirimentos cursáronse a través de correo electrónico autorizado a efecto de notificacións e comunicacións (Anexo I) o día 27.07.2020, concedéndolles un prazo de 3 días hábiles a contra a partir da recepción do mesmo. As empresas atenderon o requirimento , dentro do prazo concedido a tales efectos, coa excepción de Helvetia que presenta o xustificante de realizar a transferencia en concepto de garantía definitiva unha vez finalizado o prazo dos 3 días hábiles.

Acto seguido procédese á cualificación da documentación presentada co seguinte resultado:

LOTE	SEGURO (SEGURCAIXA)
2	SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Documentación subsanada.

Presenta o aval orixinal, sendo correcto en forma e contía.

Achega alta no epígrafe 822 do IAE.

Os integrantes da Mesa de Contratación entenden correctamente subsanada a documentación para o Lote II.

LOTE	SEGURO (SEGUROS BILBAO)
3	SEGURO DE LA FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA.

Documentación subsanada.

Achega escritura de constitución inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

Achega certificado de situación en el censo de actividades económicas de la AEAT, onde consta alta no epígrafe 822 do IAE.

Achega declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil dos anos 2016,2017 e 2018.

Aporta certificado de seguro caución N.º: 4.235.912 , por un importe de 4.173,97 euros , sendo correcto en forma e contía.

Os integrantes da Mesa de Contratación entenden correctamente subsanada a documentación para o Lote III.

LOTE	SEGURO (VIDA CAIXA)
4	SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA TODO O PERSOAL EN ACTIVO E CORPORATIVOS

Documentación subsanada.

Achega aval por un importe de (1,00 €), para subsanar o importe do aval aportado inicialmente, o cal estaba constituído por 1 céntimo menos do importe resultante de aplicar o 5% ao prezo de adxudicación.

Os integrantes da Mesa de Contratación entenden correctamente subsanada a documentación para o Lote IV.

LOTE	SEGURO (HELVETIA)
1	SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES
5	SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN DA GRANXA GAYOSO CASTRO.

Documentación parcialmente subsanada-Lote I e Lote V

Achega escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

Achega bastanteo do poder do representante.

Achega declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Aporta certificación acreditativa de estar inscrita no Rexistro de entidades aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o ramo de seguros que contemplen as prestacións fixadas no presente contrato, consonte co establecido no artigo 74 del Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados).

Solvencia económica: Non aporta o depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil, pero enténdese acreditada a solvencia polo Patrimonio Neto positivo do exercicio económico 2018.,que resulta ser o último exercicio para o cal está vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

Solvencia técnica: Resulta acreditada suficientemente polos certificados aportados pola empresa os datos que nos constan na Deputación provincial de Lugo relativos as primas pagadas pola póliza contratada de seguros danos materiais e que rematou a súa vixencia o 31 de maio de 2020.

Achega documento indicando o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

Unha vez rematado o prazo de presentación da documentación a emendar presenta día 31.07.2020, os xustificantes das transferencias realizadas para o Lote I por un importe de 8.949,35 EUR e para o Lote V por un importe de 1.236,92 euros.

As consecuencias da non subsanación en prazo da acreditación do xustificante da transferencia en concepto de garantía definitiva sométese a deliberación dos integrantes da Mesa de Contratación, e conclúese o seguinte:

Para o Lote I, aínda que a regra xeral ante a falta de subsanación en prazo da documentación é a exclusión, neste suposto en concreto, enténdese que ao ser a única oferta presentada e tendo en conta os principios de economía procesal, de interés xeral e que non existen terceiros perxudicados, e visto o art.150.3 LCSP que a continuación se menciona, procede a non exclusión de Helvetia para o Lote I, e polo tanto admitir a subsanación da garantía definitiva:

“art.150.3 LCSP . El órgano de contratación adjudicará el contrato dentro de los cinco días hábiles siguientes a la recepción de la documentación. En los procedimientos negociados, de

diálogo competitivo y de asociación para la innovación, la adjudicación concretará y fijará los términos definitivos del contrato.

No podrá declararse desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que figuren en el pliego.

(...)”

Entendendo por oferta inadecuada ou inadmisíble segundo o art. 167, ap. e) da LCSP “cuando no sea pertinente para el contrato, por resultar manifiestamente insuficiente para satisfacer, sin cambios sustanciales, las necesidades y los requisitos del órgano de contratación especificados en los pliegos que rigen la contratación. Se considerará que una solicitud de participación no es adecuada si el empresario de que se trate ha de ser o puede ser excluido en virtud de los motivos establecidos en la presente Ley o no satisface los criterios de selección establecidos por el órgano de contratación”.

Para o Lote V, a falta de subsanación en prazo da garantía definitiva é obxecto de exclusión da compañía Helvetia do procedemento ao existir máis licitadores neste Lote, sendo esta a diferenza substancial e que xustifica os diferentes pronunciamentos dos Lotes I e V.

LOTE	SEGURO (MAPFRE)
6	SEGURO DE GANDO CABALLAR DA GRANXA GAYOSO CASTRO

Documentación subsanada.

Achega último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas e certificado de situación en el censo de actividades económicas de la AEAT , onde consta alta no epígrafe 822 do IAE.

Achega declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega certificación acreditativa de estar inscrita no Rexistro de entidades aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones, para o ramo de seguros que contemplen as prestacións fixadas no presente contrato, consonte co establecido no artigo 74 del Real Decreto

Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados).

Solvencia Técnica: achega certificado emitido correctamente, identifica á persoa que o emite.

Aporta póliza de seguro de caución número: 1800010189C , estando correctamente emitido tanto en forma coma en contía.

Os integrantes da Mesa de Contratación entenden correctamente subsanada a documentación para o Lote VI.

A mesa de contratación, vista a documentación e consideracións anteditas, e por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer,

que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar os Lotes I,II,III ,IV e VI ás seguintes empresas:

LOTE I.- SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES
LICITADORES
1.-HELVETIA, COMPAÑIA SUIZA,S.A

LOTE II.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.
LICITADORES
1.-SEGURCAIXA, ADESLAS, S.A.

LOTE III.- SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS.
LICITADORES
1.-BILBAO, COMPAÑIA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

LOTE IV.- SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL.
LICITADORES
1.-VIDACAIXA, SAU SEGUROS Y REA-SEGUROS.

LOTE VI.- SEGURO DE GANDO CABALLAR.
LICITADORES
1.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

que por Resolución de Presidencia, se adopte o seguinte acordo:

Excluir á Helvetia, Compañía Suiza, S.A. da licitación para o lote V como consecuencia de presentar fóra de prazo o xustificante da transferencia realizada en concepto de garantía definitiva.

Requerir a Mapfre España, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP para o Lote V e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

LOTE V.- SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN.
LICITADORES
1.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.

Por Resolución de Presidencia de data 21 de agosto de 2020 acordado en base ao proposto na Mesa de Contratación celebrada o día 06.08.2020 aprobase o seguinte:

Excluir á Helvetia, Compañía Suiza, S.A. da licitación para o lote V como consecuencia de presentar fóra de prazo o xustificante da transferencia realizada en concepto de garantía definitiva.

Requerir a Mapfre España, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP para o Lote V e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Envíase o requirimento de documentación administrativa o día 08.09.2020 mediante correo electrónico autorizado ao efecto de comunicacións e autorizacións., e consta acuse de recibo por parte de Mapfre o día 09.09.2020.

Mapfre presenta a documentación por sede electrónica o día 21.09.2020, dentro do prazo dos dez días hábiles a contar dende a recepción do requirimento (o día 09.09.2020).

Na Mesa de Contratación celebrada o día 28.09.2020 á vista a documentación presentada por Mapfre, e por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer,

que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar os Lote V á seguinte empresa:

LOTE V.- SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN.
LICITADORES
1.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 03 de setembro de 2020).

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar os contratos ás seguintes empresas e polos importes que se indican a continuación:

LOTE I.- SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 178.987 euros para os dous anos.

LOTE II.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-SEGURCAIXA, ADESLAS, S.A.	-Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 161.984,90 euros para os dous anos

LOTE III.- SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-BILBAO, COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.	- Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 83.479,36 euros para os dous anos.

LOTE IV.- SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-VIDACAIXA, SAU SEGUROS Y REA-SEGUROS.	- Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 447.986,70 euros para os dous anos

LOTE V.- SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
2.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 28.619 euros para os dous anos.

LOTE VI.- SEGURO DE GANDO CABALLAR.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 4.980,40 euros para os dous anos.

Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato ascende a 906.037,36 €, IVE exento, e financíase de acordo as seguintes anualidades:

TIPO DE SEGURO	LOTES	IMPORTE 2020	IMPORTE 2021
SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES	1	89.493,50	89.493,50
SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.	2	80.992,45	80.992,45
SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS	3	41.739,68	41.739,68
SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL	4	223.993,35	223.993,35
SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN	5	14.309,50	14.309,50
SEGURO DE GANDO CABALLAR	6	2.490,2	2.490,2
	SUMA	453.018,68€	453.018,68€

Existe consignación no orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 453.018,68€, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a disponibilidad orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 a cantidade de 453.018,68€ euros .

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- As empresas adxudicatarias comprométense a prestar o servizo, con estrita suxeición o PCAP e o PPT, e por un prazo de 2 anos, con posibilidade de prórrogas (1+1).A entrada en vigor dos contratos serán as seguintes:

LOTE	SEGURO	ENTRADA EN VIGOR
1	SEGURO DE DANOS BENS MOBLES E INMOBLES	00.00 horas do día 31 de maio de 2020 *
2	SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.	00.00 horas do día 31 de maio de 2020 *
3	SEGURO DE LA FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA.	00.00 horas do día 31 de maio de 2020 *
4	SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA TODO O PERSOAL EN ACTIVO E CORPORATIVOS	00.00 horas do día 1 de xuño de 2020 *
5	SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN DA GRANXA GAYOSO CASTRO	A partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, unha vez formalizado o contrato.
6	SEGURO DE GANDO CABALLAR DA GRANXA GAYOSO CASTRO-	A partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, unha vez formalizado o contrato.

*Con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición . A entidade aseguradora que resulte adxudicataria asumirá, en todo caso, o risco obxecto do contrato

con independencia de que no momento do inicio do contrato estén ou non aboadas as primas correspondentes.

3º.- Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais, aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP, as recollidas na cláusula 22.2 e 22.3 do PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 2 anos, con posibilidade de prórroga (1+1) se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo prorrogarse en dúas ocasións ata un máximo de dúas anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houboese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: Pobra do Brollón.- Construción de centro de atención a maiores.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro de atención a maiores, consta no mesmo:

Proxecto de POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro de atención a maiores, asinado pola Arquitecta D^a Mónica Marras Mosquera, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación.

Informe técnico sobre a viabilidade do centro, emitido pola Xunta de Galicia.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67HSHDZEPOVDGZABWB6A7RMQ.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV67HSHDZEPOVDGZABWB6A7RMQ.

Acta de Reformulo Previo, de data 27/11/2018.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV672LR3DNBT2SG62XXFAQBBAA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GQTK4B5ZJ5JG66M5WA7XXEA.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GQTIMNQZOQS5ZXX4WA32OOM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro de atención a maiores, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobado o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobado o gasto, por importe de 1.747.348,56 €, dos cales 158.849,87 € corresponden ao IVE (10%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria coa finalidade común de colaborar en: proxecto constructivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria, incluído honorarios e estudo hidrolóxico de capacidade de desaugue da Ponte Ribeira e acondicionamento do entorno da Ponte Ribeira.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins común de proxecto constructivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria, incluído honorarios e estudo hidrolóxico de capacidade de desagüe da Ponte Ribeira e acondicionamento do entorno da Ponte Ribeira, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Sarria con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/015681, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GXX3NN4NS5TV7YI7ME72BKM.

Borrador de convenio con CSV: IV7GXUD3PIVITC6JYM6TMDXC54.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GXX3NHYJLUROIWMYCIBKD4E.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de proxecto constructivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria, incluído honorarios e estudo hidrolóxico de capacidade de desagüe da Ponte

Ribeira e acondicionamento do entorno da Ponte Ribeira, con un orzamento total de 158.470,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 150.000,00 euros, dos que 131.945,48 € son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020 e 18.054,52 € con cargo á anualidade de 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2021 a cantidade de 18.054,52 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta en relación coa xustificación do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: adquisición máquina retroexcavadora de segunda man. (anualidade 2017).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna, coa finalidade común de colaborar na adquisición máquina retroexcavadora de segunda man, que dispón o seguinte:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 24-11-2017 acordouse a aprobación do convenio interadministrativo a asinar entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: adquisición máquina retroexcavadora de segunda man, así como o gasto, que ascende á contía máxima de 30.000,00 euros, con cargo ao orzamento para anualidade de 2017.

O amentado convenio foi asinado o 19 de decembro de 2017.

En data 23 de novembro foi aprobada pola Xunta de Goberno, addenda de modificación do amentado convenio, establecendo a data límite do 15/12/2018 para executar os investimentos e presentar a conta xustificativa, coa documentación establecida na cláusula 3 apartado b do indicado convenio.

O Concello de Navia de Suarna non achegou documentación xustificativa do indicado investimento.

En data 04/06/2020, requiriuse ao Concello de Navia de Suarna, a través de escrito con RS 2020RPS004554, no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se le declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Navia de Suarna non achegou a documentación xustificativa requirida.

Fundamentos xurídicos

O Convenio interadministrativo asinado en data 19/12/2017, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna, establece na súa cláusula terceira, relativa ás obrigas e compromisos das partes, os compromisos do Concello de Navia de Suarna, entre os que se establecen “.... executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2018”, e na cláusula cuarta, apartado b) Xustificación “ unha vez transorrido o prazo de execución das actuacións previsto e contemplado na cláusula terceira neste convenio e no prazo de 2 meses, o Concello de Navia de Suarna, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados...”.

Así mesmo, estas cláusulas foron modificadas, fixándose en addenda de modificación asinada o 17/12/2018, a seguinte redacción “... executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 15 de decembro 2018”, e “ unha vez finalice a actuación prevista

e contemplada neste convenio, e no prazo máximo do 15 de decembro de 2018, o Concello de Navia de Suarna, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa ...”.

O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

O órgano competente para declarar decaído ao seu dereito, inda que non se regula no convenio interadministrativo, ao non se prevér esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que foi o órgano que aprobou o devandito convenio.

Conclusión

A vista do anterior, por quen subscribe, infórmase favorablemente:

Declarar decaído no seu dereito ao Concello de Navia de Suarna, a presentación de xustificación do investimento incluído no convenio interadministrativo asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: adquisición máquina retroexcavadora de segunda man, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 – PAC-

Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 30.000,00 euros.

Notificar ao Concello de Navia de Suarna o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado convenio e proponse que, pola xunta de goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar decaído no seu dereito ao Concello de Navia de Suarna, a presentación de xustificación do investimento incluído no convenio interadministrativo asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: adquisición máquina retroexcavadora de segunda man, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 – PAC-.

2º.- Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 30.000,00 euros.

3º.- Notificar ao Concello de Navia de Suarna o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residenical no Concello da Pobra do Brollón.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 6 de outubro de 2020, no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no Concello da Pobra do Brollón.

En relación á modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no concello da Pobra do Brollón, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito,

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 2 de marzo de 2018, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial nese municipio, cun orzamento total de 1.400.000 €: A achega da Deputación ascende a contía 1.200.000 € e a do Concello de A Pobra de Brollón a 200.000 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 1.200.000 euros con cargo as aplicacións orzamentarias 2315.622 e 2315.622.55, correspondendo á anualidade 2018 o importe de 600.000,00 € e a anualidade 2019 o importe 600.000,00 €. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sensibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2019 a cantidade de 600.000,00 €”

O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no Concello da Pobra do Brollón, formalizouse o 28 de xuño de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 1 de febreiro de 2019, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“1º Modificar a cláusula primeira, terceira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial do concello da Pobra de Brollón, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía complementaria de 409.923,23€ para a anualidade 2020 (que sumados ao importe anteriormente consignado de 1.200.000,00 € da un total de 1.609.923,23 €) con cargo a aplicación orzamentaria 2315.622, 2315.622.55 e 2315.22706. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 409.923,23€.”

A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no Concello da Pobra do Brollón, aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 2 de marzo de 2018, formalizouse o 5 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2020, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“1. Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pobra do Brollón adxudicado a entidade Prado Lameiro SL, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer posibles incumprimentos ao abeiro da documentación obrante no expediente.

(...)”.

Neste senso faise necesaria a modificación, da cláusula terceira -obrigas e compromisos das partes- e da cláusula sexta -duración do convenio interadministrativo, tendo en conta que debe licitarse de novo a contratación das obras, que quedarían redactadas do seguinte xeito:

Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.

Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción das obras e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP) polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público ou norma legal que a substitúa, en concreto a Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Licitar, rematar e recibir as obras do establecemento para residencia, na data límite do 31 de maio de 2022, que se executarán na parcela con referencia catastral 27047A032009230000ST.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 235 e concordantes do TRLCSP ou ben, unha vez entre en vigor, no artigo 243 da Lei 9/2018, do 8 de novembro (LCSP).

Convidar á representación institucional do Concello de A Pobra de Brollón aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de A Pobra de Brollón. (...)

Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 28 de xuño de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público “.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerían invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de Cooperación subscrito con data 28 de xuño de 2018, esta segunda addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula sexta (Duración do convenio interadministrativo) do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no Concello da Pobra do Brollón establécese que:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 01 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prórroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sétima -modificación- do citado convenio recollese que:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no Concello da Pobra do Brollón é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo e non se excede o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

Conclusiones

Por todo o exposto, constátase a necesidade de efectuar a modificación nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Informase favorablemente, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial no Concello da Pobra do Brollón, formalizado o 28 de xuño de 2018, nos termos da segunda addenda ao convenio que se incorpora ao expediente, mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Sergio González, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 06/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Sergio González, S.L.	A/418	31/12/2019	14/01/2020	2020RPE000800	Subministración ao Parque Móbil, no mes de decembro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria. 2020/FAC_01/000268	116,44 €
Sergio González, S.L.	A/35	31/01/2020	11/02/2020	2020RPE002776	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xaneiro do 2020, de materiais diversos. 2020/FAC_01/000420	279,44 €
Sergio González, S.L.	A/55	29/02/2020	09/03/2020	2020RPE004483	Subministración ao Parque Móbil, no mes de febreiro do 2020, de bobinas de papel e pintura para o taller. 2020/FAC_01/000421	56,70 €
TOTAL						452,58 €

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada e con dilixencia do Parque Móbil (de data 23/01/2020 na factura Nº A/418 e de data 18/03/20 nas facturas Nº A/35 e Nº A/55) de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coas cantidades e os prezos, e á súa vez, conformadas as facturas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 10/09/2020, pola representante de Sergio González, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas (de data 23/01/2020 no caso da factura Nº A/418, e de data 20/03/2020 no caso das facturas Nº A/35 e Nº A/55),

explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas dende o Parque Móbil.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 14/04/2020, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.22111, polo importe total da factura N° A/418.

Informes – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 11/09/2020 (un informe-proposta para a factura N° A/418, e outro informe-proposta para as facturas N° A/35 e N° A/55), nos que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 28/09/2020, levantando os reparos de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 22/09/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas dos anos 2019 e 2020 con notas de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

En relación coa factura N° A/418.

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa SERGIO GONZÁLEZ, S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
A/418 GTM 20/FAC01/268	31/12/19	116,44	Subministración ao Parque Móbil, no mes de decembro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria.	9201.22111	92020/2126
SUMA		116,44			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na memoria xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 116,44 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe

pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 15 de setembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
SERGIO GONZÁLEZ, S.L.	A/418	31/12/19	116,44	9201.22111
SUMA			116,44	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 15 de setembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi decembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 116,44 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 15 de setembro de 2020 e o aboamento da factura A/418.”

En relación coas facturas N° A/35 e N° A/55.

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á facturas da empresa Sergio González, S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
A/35 GTM 20/FAC01/420	31/01/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xaneiro do 2020, de materiais diversos.	279,44	9201.22111	92020/2553
A/55 GTM 20/FAC01/421	29/02/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de febreiro do 2020, de bobinas de papel e pintura para o taller.	56,70	9201.22111	92020/2554
TOTAL			336,14 €		

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 336,14 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 15 de setembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
SERGIO GONZÁLEZ, S.L.	A/35	31/01/20	279,44	9201.22111
SERGIO GONZÁLEZ, S.L.	A/55	29/02/20	56,70	9201.22111
SUMA			336,14	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 15 de setembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi xaneiro e febreiro de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 336,14 euros (I.V.E. incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

12FV-11404 GTM2020/FAC-01/000673	31/03/2020	Subministración no mes de Marzo do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	59,68€ 54,25+5,43(IVE deducible)	4120.22106	92020/3181
12FV-11512 GTM2020/FAC-01/000949	30/04/2020	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	475,72€ 432,17+43,55 (IVE deducible)	4120.22106	92020/3182
12FV-11511 GTM2020/FAC-01/000996	30/04/2020	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	823,74€ 713,91+109,83 (IVE deducible)	4120.22106	92020/3183
12FV-11203 GTM2020/FAC-01/001033	31/01/2020	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	800,77€ 681,64+119,13 (IVE deducible)	4120.22106	92020/3184
12FV-11204 GTM2020/FAC-01/001034	31/01/2020	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	73,55€ 66,86+6,69 (IVE deducible)	4120.22106	92020/3185
12FV-11298 GTM2020/FAC-01/001035	29/02/2020	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020 de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	508,35€ 436,85+71,50(IVE deducible)	4120.22106	92020/3186
12FV-11299 GTM2020/FAC-01/001036	29/02/2020	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	22,00€ 20,00+2,00(IVE deducible)	4120.22106	92020/3187
TOTAL		3145,26€			

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 25 de setembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Os medicamentos veterinarios son necesarios para garantir a saúde dos animais, e/ou a produción dos mesmos así como para cumprir coas normas de benestar animal nas explotacións e o material funxible sanitario e imprescindible para poder aplicar os medicamentos e para cumprir coas normas hixiénico-sanitarias obrigatorias na explotación.

Polo tanto ao non terse aprobado o gasto proposto en xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2020, e ao ser necesarias para garantir a saúde e benestar dos animais de acordo a normativa vixente nas explotacións e manter as condición hixiénico-sanitarias esixidas pola normativa vixente, é polo que se realizaron as prestacións.

O período de realización dos aludidos servizos foi o seguinte:

NÚMERO FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO: PERÍODO
12FV-11403 GTM2020/FAC-01/000671	381,45€ 327,52+53,93(IVEdeducible)	Subministración no mes de Marzo do ano 2020 de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.
12FV-11404 GTM2020/FAC-01/000673	59,68€ 54,25+5,43(IVEdeducible)	Subministración no mes de Marzo do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.
12FV-11512 GTM2020/FAC-01/000949	475,72€ 432,17+43,55(IVEdeducible)	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.
12FV-11511 GTM2020/FAC-01/000996	823,74€ 713,91+109,83(IVEdeducible)	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.
12FV-11203 GTM2020/FAC-01/001033	800,77€ 681,64+119,13(IVEdeducible)	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.
12FV-11204 GTM2020/FAC-01/001034	73,55€ 66,86 +6,69(IVEdeducible)	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.
12FV-11298 GTM2020/FAC-01/001035	508,35€ 436,85 +71,50(IVEdeducible)	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020 de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.
12FV-11299 GTM2020/FAC-01/001036	22,00€ 20,00 +2,00(IVEdeducible)	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 3.145,26 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación dos servizos, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Recórdaselle ao Servizo da Unidade Xestora que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministros, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
12FV-11403 GTM 20/FAC01/671	31/03/2020	Subministración no mes de Marzo do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	381,45€
12FV-11404 GTM 20/FAC01/673	31/03/2020	Subministración no mes de Marzo do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	59,68€
12FV-11512 GTM/FAC01/949	30/04/2020	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	475,72€
12FV-11511 GTM/FAC01/996	30/04/2020	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	823,74€
12FV-11203 GTM 20/FAC01/1033	31/01/2020	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	800,77€
12FV-11204 GTM 20/FAC01/1034	31/01/2020	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	73,55€
12FV-11298 GTM 20/FAC01/1035	29/02/2020	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	508,35€
12FV-11299 GTM/FAC01/1036	29/02/2020	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	22,00€
TOTAL			3.145,26€

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Ecoagro Castro. S.L., por un importe total de 3.145,26 €:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
12FV-11403	31/03/2020	Subministración no mes de Marzo do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	381,45€
12FV-11404	31/03/2020	Subministración no mes de Marzo do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	59,68€
12FV-11512	30/04/2020	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	475,72€
12FV-11511	30/04/2020	Subministración no mes de Abril do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	823,74€
12FV-11203	31/01/2020	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	800,77€
12FV-11204	31/01/2020	Subministración no mes de Xaneiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	73,55€
12FV-11298	29/02/2020	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020, de material funxible sanitario para a Granxa Gayoso Castro.	508,35€
12FV-11299	29/02/2020	Subministración no mes de Febreiro do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro.	22,00€
TOTAL			3.145,26€

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/051.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/051, correspondente a María Roca López (Friol), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,13 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.065,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

María Roca López, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de a María Roca López, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/051, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.065,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E

INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/054.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/054, correspondente a Jesús Luaces López (Lugo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,22 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 610,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Jesús Luaces López, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de a Jesús Luaces López, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/054, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 610,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/055.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/055, correspondente á sociedade civil Casa Xacobe, S.C. (Lugo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,4770 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.738,50 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Casa Xacobe, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Casa Xacobe, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/055, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.738,50 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/073.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/073, correspondente á SAT Cavadas nº 941 XUGA (Xermade), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,12 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 560,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A SAT Cavadas nº 941 XUGA, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da SAT Cavadas nº 941 XUGA,

tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/073, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 560,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE POR PARTE DA FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO PARA A FORMALIZACIÓN DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA ACTIVIDADE NA QUE CONFLÚEN OS RESPECTIVOS TÍTULOS COMPETENCIAIS PARA O FIN COMÚN DE “EXPOLUGO A RURAL 2020”.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade do seguinte teor:

“En relación coa solicitude citada no encabezamento, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse, o 27 de agosto de 2020, informe técnico do seguinte tenor:

“Antecedentes

No Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020 está consignado un crédito de 20.000 €, na aplicación orzamentaria 4190.48903, subconcepto: Fundación Feiras e Exposicións.

Na súa virtude, o 6 de xullo de 2020, Ruben López Fernández, con DNI nº: 33334****, na súa condición de representante legal da entidade “Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo”, con NIF: G27161***, presentou no rexistro telemático desta entidade a solicitude de formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Expolugo a rural 2020”, a través da sinatura do correspondente convenio.

Consideracións legais e técnicas

Normativa aplicable

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56, do 10 de marzo de 2011 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

Fundamentos que prestan sustento xurídico á formalización de convenios interadministrativos.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d) que:

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal que:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (....).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA que:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL que:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece que:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ...

(...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Pola súa banda, no que á Fundación de Feiras e exposicións de Lugo se refire, cómpre ter en conta, en primeiro lugar, o establecido no artigo 2 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, segundo o cal:

Son fundacións de interese galego aquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de xeito duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolvan principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma.

Así mesmo, consonte ao artigo 3 da dita Lei:

As fundacións de interese galego rexeranse pola vontade da persoa fundadora, polos seus estatutos e, en todo caso, pola lei.

Con respecto aos seus estatutos, establece o artigo 1º dos mesmos:

Ao abeiro do establecido no artigo 34.1 da Constitución Española, constitúese a Fundación “Ferias y Exposiciones de Lugo”, que se rexerá pola Lei 7/1983, do 22 de xuño, do Réxime das

Fundacións de Interese Galego, reformada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro; o Decreto 248/1992, do 18 de Xuño, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego; polos presentes Estatutos e demais disposicións legais aplicables.

Por outra banda, segundo o disposto no artigo 4 daqueles, o “obxecto da Fundación é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen”; sendo, en xeral, fins da Fundación “a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educativos e culturais, e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro, o seu nivel cultural e a elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.”

En particular, establece o apartado 3 do dito artigo 4, que:

... son fins da Fundación e con base ao sinalado nos apartados precedentes:

a promoción e o fomento Feiras e Exposicións de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, nacional e incluso internacional e, en particular, a promoción e fomento da Feira de Lugo (Feira de San Froilán).

(...).

A actividade obxecto da solicitude de formalización da relación de cooperación interadministrativa

Expolugo, A Rural, segundo o proxecto descritivo achegado xunto coa solicitude de formalización da relación de cooperación referida anteriormente, é unha feira agrogandeira que vai ter lugar do 3 ao 4 de outubro de 2020 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. É unha mostra que está especializada no eido gandeiro e agroalimentario, complementado con empresas relacionadas co sector primario e unha mostra de artesanía, que asegura, ano tras ano, un éxito consolidado de participación e público.

En Expolugo, A Rural defínense as seguintes áreas perfectamente diferenciadas:

Mostra gandeira: A máis completa exposición gandeira de Galicia, xa que nela participarán as principais razas autóctonas galegas, así coma outras de ámbito nacional.

Mostra agroalimentaria de razas autóctonas: Exposición de produtores de razas autóctonas con venda de produtos directamente do produtor ao consumidor.

Mostra de artesanía: Os principais artesáns da provincia participarán nesta mostra, onde se poderán ver demostracións e adquirir produtos elaborados artesanalmente.

Haberá un espazo destinado a stands de empresas relacionadas co sector rural e gandeiro, no que se mostrarán as últimas innovacións e servizos nos sectores gandeiro e agrario. É un dos salóns máis relevantes do segmento gandeiro no noroeste peninsular.

Ademais da zona expositiva agrogandeira, agroalimentaria e artesá, verase completada con outras actividades habituais en A Rural, sempre relacionadas co sector primario. Deste xeito, terán lugar:

Presentación de produtos e novidades en servizos, ferramentas, aplicacións, maquinaria, etc.

Charlas técnicas, abertas a tódolos públicos.

Celebración de asembleas e xuntanzas de socios.

O programa de actividades é o seguinte:

Sábado, 3 de outubro:

Desfile de gando pola cidade de Lugo. O percorrido transcorre polo tramo peonil da Ronda da Muralla, Praza da Constitución, entrada pola Porta do Campo Castelo, Praza Maior (recepción diante da casa do Concello), Rúa Bispo Aguirre, volvendo ao punto de partida.

Inauguración oficial Expolugo, A Rural 2020.

Entrega de diplomas e clausura do Curso de Xuíces de raza Rubia Galega.

Concurso-Exposicións de gando de raza Rubia Galega.

Exposición das razas autóctonas bovinas en perigo de extinción.

Exposición das razas Ovella Galega e Cabra Galega.

Exposición provincial da Galiña de Mós.

Domingo, 4 de outubro:

Concurso morfolóxico de cabalo de pura Raza Galega.

Exposicións de gando de raza Rubia Galega.

Exposicións das razas autóctonas bovinas en perigo de extinción.

Exposición das razas Ovella Galega e Cabra Galega.

Exposición provincial de Galiña de Mós.

Degustación de produtos de razas autóctonas de Galicia.

Paseo en cabalo de pura raza galega para nenos.

Clausura da XXII edición de Expolugo, A Rural 2020.

Deste resumo do proxecto descritivo achegado pola entidade solicitante, podemos extraer a conclusión de que as actividades a desenvolver levan aparelada, cando menos, unha gran afluencia de persoas, tanto de gandeiros, produtores e artesáns, coma de público en xeral; todo o que terá lugar, na maioría das actividades, no recinto pechado do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

As medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19

O Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, establecía, no seu artigo 5, que:

A superación de tódalas fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de Covid-19, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril de 2020, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais.

Posteriormente, o Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, ademais de manter esta última previsión, dispón que a autoridade competente delegada para a adopción, supresión, modulación e execución de medidas correspondentes á fase III do Plan de desescalada será, no exercicio das súas competencias, exclusivamente quen ostente a Presidencia da comunidade autónoma, salvo para as medidas vinculadas á liberdade de circulación que excedan o ámbito da unidade territorial determinada para cada comunidade autónoma.

Ademais, prevese que serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, con arranxo a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa comunidade e que, en consecuencia, queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nos seus respectivos territorios.

Porén, a superación de tódalas fases do proceso de desescalada e o feito de quedar sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma en todo o territorio nacional, non eximen aos poderes públicos do seu deber de “organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios” establecido no artigo 43.2 da Constitución Española para garantir o dereito á protección da saúde que reconece este artigo no seu primeiro apartado.

Por elo, foi aconsellable a adopción dunha serie de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación, que permitiran seguir facendo fronte e controlando a pandemia, pois hai que distinguir entre a expiración das medidas limitativas de contención adoptadas durante a vixencia do estado de alarma para facer fronte á situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo Covid-19, e a crise sanitaria propiamente dita, provocada pola pandemia, e que aínda subsiste.

A ese fin respondeu o Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, co establecemento de un deber xeral de cautela e protección que afiance comportamentos de prevención no conxunto da poboación, e coa adopción dunha serie de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación, dirixidas a garantir o dereito á vida e á protección da saúde mentres perdure a crise sanitaria.

Consonte ao artigo 4 do dito Real Decreto-lei:

Tódolos cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitala xeración de riscos de propagación da enfermidade Covid-19, así como la propia exposición a ditos riscos, con arranxo ao que se establece neste real decreto-lei. Dito deber de cautela e protección será igualmente esixible aos titulares de calquera actividade regulada neste real decreto-lei.

Así mesmo, o artigo 16 establece as medidas de prevención e hixiene en “outros sectores de actividade”, no que, ao meu xuízo, se pode encadrar a actividade obxecto da solicitude de cooperación interadministrativa que se informa. Consonte ao mesmo:

As administracións competentes deberán asegurar o cumprimento polos titulares de calquera outro centro, lugar, establecemento, local ou entidade que desenvolva a súa actividade nun sector distinto dos mencionados nos artigos anteriores, ou polos responsables ou organizadores da mesma, cando poida apreciarse risco de transmisión comunitaria de Covid-19 con arranxo ao establecido no artigo 5, das normas de aforo, desinfección, prevención e acondicionamento que aquelas establezan.

En todo caso, deberase asegurar que se adoptan as medidas necesarias para garantir unha distancia interpersoal mínima de, polo menos, 1,5 metros, así como o debido control para evitar as aglomeracións. Cando non sexa posible mantela dita distancia de seguridade, observaranse as medidas de hixiene adecuadas para previr os riscos de contaxio.

Por outra banda, xa no ámbito autonómico e en cumprimento do establecido no antes citado Real Decreto-lei 555/2020, do 5 de xuño, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade ditou, o 12 de xuño de 2020, resolución pola que se deu publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, que foi declarada a través do Decreto 90/2020, do 13 de xuño, con efectos dende as 00:00 horas do 15 de xuño de 2020.

Consonte ao punto quinto do dito Acordo:

As medidas previstas no presente acordo poderán ser completadas por plans específicos de seguridade, protocolos organizativos e guías adaptados a cada sector de actividade, aprobados polas administracións competentes.

Así mesmo, en virtude do disposto no punto sexto, as medidas preventivas previstas no mesmo deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua a fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. A estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de sanidade.

No anexo deste Acordo establécense as medidas de prevención, das que, para o caso que nos ocupa, cómpre salientar as seguintes:

Obrigas de cautela e protección. Tódolos cidadáns deberán adoptalas medidas necesarias para evitala xeración de riscos de propagación da enfermidade Covid-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente esixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do Covid-19.

Polo tanto, a principal cautela que deben observar tódolos cidadáns e os titulares de calquera actividade é a de evitar a xeración de riscos de contaxio, así como a exposición a ditos riscos, cautela que, ao meu parecer, non se cumpre coa organización dunha actividade na que está prevista a afluencia dun número indeterminado, pero suponse que elevado, de persoas de distintas procedencias, que, por outra banda, se van congrega nun espazo cerrado e presumiblemente reducido por mor das superficies que, como se dixo, estarán destinadas aos animais que se expoñen. Neste senso hai que ter en conta que, aínda na actualidade, non se ten un coñecemento pleno das formas de propagación e contaxio do Covid-19, o que obriga a extremar a cautela en todo tipo de actuacións.

Continúa o dito anexo dispoñendo:

Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal (...) de, polo menos, 1,5 metros ou, no seu defecto, medidas alternativas de protección física con uso de máscara de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no apartado 1.3 (nova redacción dada ao punto 1.2 pola Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola

que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta do 17 de xullo, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño).

Medidas xerais de hixiene e prevención.

Medidas de hixiene e prevención esixibles a tódalas actividades.

Con carácter xeral, sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a tódolos establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as seguintes medidas de hixiene e prevención:

O titular da actividade económica ou, no seu caso, o director ou responsable dos centros, instalacións, espazos de uso público e entidades, deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección axeitadas ás características e intensidade de uso dos establecementos, locais, instalacións ou espazos recollidas a continuación.

Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, conforme ás seguintes pautas:

Utilizaranse desinfectantes como disolucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

(...).

Medidas de hixiene esixibles aos establecementos e locais con apertura ao público.

Os establecementos e locais que abran ao público realizarán, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións, con especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, conforme ao establecido na letra a) do número 2.1.

(...).

Medidas relativas á hixiene dos clientes e usuarios en establecementos e locais.

O tempo de permanencia nos establecementos e locais será o estritamente necesario para que os clientes ou usuarios poidan realizalas súas compras ou recibila prestación do servizo.

Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersoal entre clientes ou usuarios, con marcas no chan, ou mediante o uso de balizas, cartelería ou sinalización. Poderán establecerse no local itinerarios para dirixila circulación de clientes ou usuarios para evitar aglomeracións en determinadas zonas e previr o contacto entre clientes.

Deberán poñerse a disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do local ou establecemento, e deberán estar sempre en condicións de uso.

Non se poderán poñer á disposición do público produtos de uso e proba que impliquen manipulación directa por sucesivos clientes ou usuarios, sen supervisión de maneira permanente dun traballador que poida proceder á súa desinfección trala manipulación do produto por cada cliente ou usuario.

(...).

Limitación de aforo e medidas de prevención específicas por sectores.

Medidas en materia de control de aforo.

Os establecementos, instalacións e locais deberán expoñer ao público o aforo máximo, que deberá incluír ao propios traballadores, e asegurar que dito aforo e a distancia de seguridade interpersoal se respecta no seu interior, debendo establecer procedementos que permitan o recuento e control do aforo, de xeito que este non sexa superado en ningún momento.

A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurala posibilidade de mantela distancia de seguridade interpersoal (...).

(...).

No seu caso, o persoal de seguridade velará por que se respecte a distancia interpersoal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

(...).

Museos e salas de exposicións.

Os museos e salas de exposicións, de titularidade pública ou privada, poderán acoller tanto as visitas do público á colección e ás exposicións temporais como a realización de actividades culturais ou didácticas sen superar un límite do setenta e cinco por cento do aforo permitido para cada unha das súas salas e espazos públicos.

Tal e como quedou exposto, o punto sexto deste Acordo establece que as medidas preventivas previstas no mesmo deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua a fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. A estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así, e debido á evolución actual da situación producida pola actual pandemia, a Consellería de Sanidade, en Orde do 15 de agosto de 2020, pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade introduciu distintas modificacións das ditas medidas, tal e como xa fixeran os Acordos do Consello da Xunta do 25 de xuño, e do 17, do 24 e do 30 de xullo.

Nesta Orde, tendo en conta as medidas e recomendacións declaradas polo Ministerio de Sanidade para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por Covid-19, engadiu un número 8 no anexo do Acordo do 12 de xuño, segundo o cal:

Recomendacións sanitarias.

Recoméndase á cidadanía:

Restrinxir os encontros sociais fora do grupo de convivencia estable e

Limitar os encontros sociais a un máximo de dez persoas.

Dedúcese desta última recomendación que, de entre tódalas medidas preventivas establecidas, o illamento social é a medida máis efectiva para frear a expansión do virus e a evolución do número de contaxios, o que invita a restrinxir no máximo posible as aglomeracións que non teñan por obxecto cuestións de primeira necesidade.

A oportunidade do convenio obxecto da solicitude.

Consonte ao artigo 50 da LRXSP:

Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei.

Pola súa banda, o artigo 199.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en referencia aos convenios que, entre a Xunta de Galicia e as Entidades Locais, se poidan celebrar, establece que:

Os instrumentos de formalización dos Convenios de cooperación deberán especificar:

h) Cada Convenio deberá ir acompañado dunha memoria, onde consten os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Pois ben, ao meu xuízo, cómpre analizar neste informe a oportunidade da formalización da relación de cooperación solicitada, pois é evidente que distintos factores poñan en dúbida aquela.

Así, en primeiro lugar, hai que indicar que, a pesar das medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 establecidas, tanto polo lexislador estatal como polo autonómico, o número de contaxios increméntase día a día en tódolos puntos do país; o que permite concluír que o establecemento daquelas non asegura con totalidade a desaparición do risco dos mesmos.

Cómpre salientar, ademais, que, tal e como se foi subliñando ao longo deste informe, a actividade obxecto da solicitude leva apareladas, cando menos, grandes aglomeracións, pois, tal e como indica a propia entidade solicitante, a Expolugo A Rural “asegura, ano tras ano, un éxito consolidado de participación e público”.

A dita entidade, no proxecto achegado xunto coa solicitude, fai referencia sucinta ao Covid-19 nos seguintes termos:

Debido á situación de emerxencia vivida ca Covid-19, a Fundación Feiras dispón dun Plan de Continxencia no que se recolle os protocolos de seguridade e saúde que se van a adoptar para minimizar os riscos de contaxio tanto para traballadores como para visitantes.

Como implicitamente reconece no dito proxecto, nin sequera a existencia dos protocolos de seguridade e saúde elimina con total garantía os riscos de contaxio que unha actividade destas características supón, o que constitúe unha incerteza que, na situación actual de elevada expansión dos rebrotes, ao meu entender, non se debera asumir.

Por outra banda, e a pesar de afirmar a solicitante, como se viu, a existencia dos protocolos de seguridade e saúde específicos para o Covid-19, non achega xunto coa súa solicitude unha copia

dos mesmos; defecto que, se ben é emendable, casa coas manifestacións feitas polos representantes daquela en conversas mantidas con membros desta Área, nas que afirmaron que non dispoñían, ata o momento, de ningún protocolo de seguridade e saúde específico para o Covid-19.

Confirma o anterior o feito de que no orzamento achegado pola entidade solicitante non se reflicte ningunha partida que permita facer fronte aos innumerables gastos que esixe o cumprimento das esixencias establecidas na normativa citada no epígrafe anterior deste informe.

Tendo en conta estes factores de risco que derivan na posibilidade (aínda que nada máis sexa hipotética) de que a actividade obxecto da solicitude de colaboración poida dar lugar a un rebrote na cidade de Lugo, e tendo en conta, ademais, a recomendación feita polo Ministerio de Sanidade (citada no epígrafe anterior) de restrinxir os encontros sociais fora do grupo de convivencia estable e limitar os encontros sociais a un máximo de dez persoas, temos que chegar á conclusión de que a cooperación da Deputación de Lugo na execución da dita actividade non constitúe unha actuación administrativa sensata.

Neste senso, cómpre salientar o pleno compromiso que, dende o inicio da pandemia, a Deputación de Lugo asumiu, non só con tódalas medidas preventivas que se foron establecendo dende as administracións central e autonómica, senón coa cautela que unha crise sanitaria como a que nos afecta require no desenvolvemento da actividade administrativa en tódolos ámbitos.

Para maior abastanza, a Deputación Provincial de Lugo, como Administración Pública que é, debe respectar na súa actuación o principio de responsabilidade pola xestión pública, en virtude do establecido no artigo 3.1.f) da LRXSP, o que deriva, ao meu xuízo, en que, ante un rebrote con orixe na actividade obxecto da solicitude, aquela tería que asumila súa parte de responsabilidade, como entidade cofinanciadora da actuación.

Todo o anterior lévanos á conclusión, ademais, de que cooperar na execución da dita actividade pode supoñer a vulneración do principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, establecido no artigo 3.1.j) da LRXSP. E é que coa cooperación á execución da actividade proxectada contribúese a xerar un risco que a situación actual de evolución da pandemia no noso país non permite.

Polo tanto, e salvo mellor criterio, considero que a financiación daquela, na actual situación sanitaria, é absolutamente contraria ao dito principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Competencia para a resolución da solicitude

En canto ao órgano da Deputación competente para a resolución da solicitude de formalización da relación de cooperación a través da sinatura do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, correspondería asumir á Deputación, consonte ao artigo 59.18 do RODPL:

Corresponde á Xunta de Goberno conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que:

O órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

A Deputación de Lugo efectuaría unha achega económica de 20.000 € para afrontar os gastos que, segundo o orzamento achegado pola solicitante, se derivan da execución do convenio solicitado e o cumprimento dos seus fins. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a resolución do procedemento dimanante da solicitude da Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo.

Conclusións

Hai que distinguir entre a expiración das medidas limitativas de contención adoptadas durante a vixencia do estado de alarma para facer fronte á situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo Covid-19, e a crise sanitaria propiamente dita, provocada pola pandemia, e que aínda subsiste.

O establecemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, se ben contribúen á mitigar os efectos da pandemia, non aseguran a desaparición da mesma, tal e como queda demostrado polo número de contaxios que, día tras día, non deixa de incrementarse.

Do anterior dedúcese que a máis efectiva medida preventiva fronte á expansión dos contaxios é o illamento social e a limitación do número de persoas nos encontros sociais.

A entidade solicitante non acredita que dispoña dun protocolo de seguridade e saúde específico para o Covid-19 e para o desenvolvemento da actividade obxecto da pretendida colaboración, nin o orzamento achegado por aquela reflicte ningunha partida destinada a cubrir os gastos derivados das esixencias legais en materia de prevención de contaxios.

Mais, aínda que aquela dispuxera do amentado Plan e estiveran previstos no orzamento gastos derivados do cumprimento das obrigas legais para facer fronte á crise sanitaria, como se viu, isto non garante que a actividade proxectada, polas súas características, non constituía un risco de contaxio masivo do Covid-19.

A Deputación Provincial de Lugo, como Administración Pública que é, ten que respectar, na súa actuación, os principios legais de responsabilidade na xestión pública e eficiencia na utilización e asignación dos recursos públicos, o principio ético de cautela no desenvolvemento da actividade administrativa, e, neste caso, as recomendacións das autoridades sanitarias.

Considerando o anteriormente exposto, informo desfavorablemente a estimación da solicitude presentada pola Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo para a formalización dunha

relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Expolugo a rural 2020”.”

En sintonía cos fundamentos que se reflicten no dito informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, a entidade solicitante anunciou, o día 28 de setembro, a través de publicación na súa páxina web, a cancelación das actividades obxecto da solicitude “ante a situación actual e a imposibilidade de contar con público durante o certame”; información que tamén foi obxecto dunha nota de prensa publicada o día 29 do mesmo mes no xornal El Progreso. Así mesmo, a cancelación das actividades foi obxecto de comunicación á Deputación, o día 6 de outubro, a través de correo electrónico.

Polo tanto, non sendo preceptiva a emisión doutros informes, e para o cumprimento da obriga de resolver que afecta a tódalas Administracións segundo o establecido no artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Desestimar a solicitude presentada pola Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo, o 6 de xullo de 2020, para a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Expolugo a rural 2020”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SEGUNDA LISTAXE DE BENEFICIARIOS E RESERVAS DA MEDIDA 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” E DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 26 de xuño de 2020 aprobouse en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30 de xuño de 2020 no BOP número 148.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

“(…)

Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(…)

Fomento da cultura emprendedora

Recolle a Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e a Medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural” aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de 4 bolsas (2 para cada medida) de axudas económicas para a alta da actividade económica segundo algunha das modalidades previstas e que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I. Dúas bolsas de axudas por cada medida, sendo a contía o 75% do SMI vixente durante 12 meses.

(...)”

Considerando que atendendo ó artigo 4 das bases, a contía máxima de subvención que poderían recibir cada un dos beneficiarios/as segundo as diferentes medidas serían:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, 5.700,00 € no caso de manter a contratación do traballador asignado durante 12 meses.

Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e Medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, 8.550,00 €, no caso de manter o alta, tanto no réxime de autónomos ou coma socio traballador (segundo cada medida e actividade económica), durante 12 meses.

Considerando que para poder optar a ser beneficiario deste programa, tal e como se recolle nos artigos 1 e 3 das bases, é necesario cumprir cos seguintes requisitos:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, persoas físicas ou xurídicas:

Cuxos centros de traballo se atope nalgún concello dos recollidos no Anexo I.

Desenvolvan unha actividade relacionada coa hostalaría e o turismo, a enerxía e a auga, a agricultura e a gandería ou o medio ambiente.

Que non estean incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e Medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”:

Estar inscritos no sistema de garantía xuvenil.

Residir nalgún concello dos indicados no Anexo I, como mínimo dende a posta en marcha da actividade ou dende o inicio da obra ou similar (no caso de imputar meses previos) tal e como se prevé no artigo catro das bases que regulan o procedemento, ou residir onde exerzan a súa actividade laboral sempre que este incluída nalgún dos concellos relacionados no Anexo I.

Que non estean incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerando que segundo se recolle no artigo 6 das bases que rexen esta subvención, no momento da tramitación da solicitude, os interesados deben achegar, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á publicación no BOP da convocatoria, previa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións ou ata o fin do crédito dispoñible (Publicación na Base de Datos Nacional prodúcese con data 2 de xullo de 2020, no BOP número 150.) a seguinte documentación:

“(…)

6.2.1 Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” Prende! Bota Raíces

Solicitude de adhesión (Modelo de Solicitude) da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, asinada.

CIF ou DNI.

Estatutos para o caso de ser persoa xurídica ou Alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores para o caso de que o solicitante sexa persoa física (Modelo 036 ou 037).

Anexo II – Declaración responsable asinada.

Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.

Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación pola Deputación Provincial de Lugo.

Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”

Solicitud de adhesión (Modelo de solicitud) a medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural” ou da medida 8.2.3.4 “Tu Empleo en el Rural” asinada.

DNI

Xustificante de inscrición no Fichero Nacional de Garantía Xuvenil , ou autorización para comprobación do mesma.

Plan de empresa do proxecto incluíndo un plan financeiro.

Anexo II – Declaración responsable asinada.

Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.

Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación a Deputación Provincial de Lugo.

(...)”

Considerando que en relación o procedemento de Selección dos beneficiarios, e de acordo o artigo 7 das bases, este é un procedemento de concorrencia non competitiva, sen que se produza a comparación de solicitudes, onde o órgano instructor dos expedientes será o Deputado da Área de Promoción Económica e Social, sendo avaliados e informados por unha comisión de valoración composta por tres empregado públicos da Deputación de Lugo, (nomeados por resolución de presidencia) respectando en todo caso para o seu funcionamento o establecido no artigo 15 e

seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que si o orzamento non é suficiente para conceder todas as axudas aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación, para o caso de coincidencia na data de presentación será a hora a que determine a prelación dos beneficiarios.

Considerando que respectando o procedemento do artigo 7, requíreselle as entidades nun prazo de 10 días hábiles para completar a documentación. Todas as entidades presentan emenda ó requirimento antes da finalización do prazo fixado, sendo incluídas na listaxe de interesados beneficiarios da subvención xunto co resto de solicitudes que presentaron completa a documentación, atopando as seguintes incidencias:

Dentro da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, en relación á solicitude de dous postos de traballo por parte da entidade Marcelino Tierra y Vinos, é necesario atender ó indicado no artigo 6.3 das Bases do Programa as entidades:

“(…)

So se poderá presentar solicitude para unha medida. Agás na medida de fomento da contratación por conta allea (8.2.4.2), para a cal, poderase solicitar axuda para mais dun mozo na solicitude inicial. Resolvéndose a concesión de un so mozo nunha primeira quenda e pasados os dous meses(período de solicitude), de existir crédito suficiente concederase un segundo mozo/a, e así sucesivamente, respectando en todo momento a orde de solicitude.

(…)”

Neste sentido, é preciso aclarar que:

Que o prazo para presentar solicitudes remataba o día 3 de setembro de 2020.

Que no prazo indicado no punto anterior, constaban un total de 22 solicitudes dentro desta medida.

Polo tanto, toda vez que o período de solicitude está pechado e que do total de 30 bolsas de axudas económicas que se ofertaban, tal e como se indican no punto 2 deste informe, so están cubertas 22, quedando polo tanto crédito suficiente dentro desta medida, considérase oportuno tramitar a solicitude do segundo mozo/a solicitado pola entidade co número de expediente 2020/PCA_01/000020 e Razón Social Marcelino Tierra y Vinos.

Dentro da Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural”, tal e como se recolle no artigo 1 do Programa, ofertaranse dúas bolsas, a vista que en Xunta de Goberno de 18 de setembro realizouse a aprobación dun beneficiario, queda unha axuda vacante, a vista de que se presentaron dúas solicitudes prevalece, segundo o establecido no artigo 7 do Programa:

“(…)

aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación, para o caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes será a hora a que determine a prelación dos beneficiarios

(…)”

Neste sentido a solicitude de Dona Catuxa María González Porto preséntase en primeiro lugar, o día 28 de agosto de 2020, mentres que a solicitude de Don Jorge Barros Díaz preséntase o 31 de agosto de 2020.

Atendendo ó criterio establecido, Dona Catuxa María González Porto é a beneficiaria de dita bolsa de axuda económica, mentres Don Jorge Barros Díaz, segundo establece no artigo 9 do Programa, agardará como reserva para que no caso “renunciase algún beneficiario/a, o órgano outorgante acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da/subvención á entidade seguinte sempre e cando o crédito fose suficiente”.

A Medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural” non contou con solicitudes de interesados nesta segunda listaxe de beneficiarios.

Considerando que segundo o artigo 9 das bases o acordo de aprobación efectuarase pola Xunta de Goberno e referirase a todas aquelas solicitudes comprendidas entre o inicio do prazo e o mes completo anterior , polo que as aprobación poderán ser sucesivas ata esgotar o crédito.

Considerando que comprobada a documentación e o cumprimento dos requisitos do Programa, das solicitudes presentadas das Medidas 8.2.4.2, 8.2.3.3 e 8.2.3.4 dentro do Programa Prende! Bota raíces no rural, respectivamente, con data 28 e 29 de setembro de 2020, reúnese a Comisión de Valoración emitindo informe proponendo as listaxes definitivas dos expediente completos a través da acta que se acompaña a este informe, supeditada, en todo caso, á existencia de crédito e o cumprimento dos requisitos.

Por todo o anterior, propónse a Xunta de Goberno a aprobación :

1º.- Da proposta, nos termos efectuadas pola comisión de Valoración na reunión do 28 e 29 de setembro de 2020. (Achéganse listaxes)

2º.- Da Listaxe de beneficiarios da medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” dentro do programa Prende ! Bota raíces no rural, xunto co importe máximo de subvención. Os beneficiarios reúnen todos os requisitos e o expediente adecúanse ás bases para a concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva, constando nos mesmos declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, de seguridade social e Deputación de Lugo

3º.- Da Listaxe de beneficiarios da medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” xunto co importe máximo de subvención que entregaron a documentación en tempo e prazo segundo o establecido . Os beneficiarios reúnen todos os requisitos e o expediente adecúanse ás bases para a concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva, constando nos mesmos declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de

Subvencións e certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, de seguridade social e Deputación de Lugo.

4º.- O importe total ascende a 59.850,00€, durante as anualidades 2019 e 2020.

MEDIDA	Total
Medida 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL	51.300€
Medida 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL	8.550€
TOTAL	59.850,00€

Listaxes de beneficiarios e importe de subvención, listaxe de reservas da medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e da medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” dentro do programa Prende ! Bota raíces no rural.

Listaxe de Beneficiarios da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” Prende! Bota Raíces

REXISTRO	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
15/08/2020 11:09:35	2020/PES_03/011257	VICENTE DIEGUEZ SIMÓN	CHANTADA	FONTANEIRO	5.700€
27/08/2020 14:43:18	2020/PCA_01/000018	ALMACENES JUL	FRIOL	ADMINISTRATIVO	5.700€
01/09/2020 14:30:28	2020/PCA_01/000020	MARCELINO TIERRA Y VINOS	SOBER	CAMAREIRO	5.700€
				TRABALLADOR AGRARIO	5.700€
02/09/2020 12:42:43	2020/PCA_01/000022	BODEGAS PETRÓN SL	SOBER	PERSOA PARA VIÑEDO E ADEGA	5.700€
02/09/2020 13:47:26	2020/PCA_01/000023	CAMPO BARRERA SC	RÁBADE	PEÓN AGRÍCOLA	5.700€
03/09/2020 12:08:44	2020/PCA_01/000024	PRIOR DE PANTÓN SL	PANTÓN	ADEGUEIRO (SERVIZOS EN ADEGA)	5.700€
03/09/2020 17:47:10	2020/PCA_01/000025	ISIDORO FILOMENA LÓPEZ	O SAVIÑAO	VETERINARIO	5.700€
03/09/2020 17:57:00	2020/PCA_01/000026	CASA MOREIRAS SL	PANTÓN	ADEGUEIRO (SERVIZOS EN ADEGA)	5.700€
TOTAL					51.300,00 €

Listaxe Beneficiario da Medida 8.2.3.3 “Tu empleo Social en el rural”

REXISTRO	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	CONCELLO	SUBVENCIÓN
28/08/2020 00:18:35	2020/PCP_01/000004	CATUXA MARÍA GONZÁLEZ PORTO	RÁBADE	8.550€

Listaxe Reserva da Medida 8.2.3.3 “Tu emprego Social en el rural”

REXISTRO	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	CONCELLO
31/08/2020 17:51:10	2020/PCP_01/000005	JORGE BARROS DÍAZ	RÁBADE

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCÍONS DENTRO DO PROGRAMA BEN EMPREGADO III.

Procedemento de reintegro da subvención da entidade A-16-440 Reimondo González, Jesús dentro do programa Ben Empregado III.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 16 de setembro do 2016 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado III Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 4 de outubro de 2016 con Nº 229.

Considerando que con data 29 de decembro de 2016 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP de data 31 de decembro de 2016, entre as que se atopaba a entidade Reimondo González, Jesús con número de expediente A-16-440 e cunha cantidade aprobada de 18.000,00€.

Considerando que con data 26 de maio do 2017 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás empresas incluídas no entre as cales se atopa a entidade con código

A-16-440 e razón social Reimondo González, Jesús con dous postos de traballo, un de Oficial 1ª Motoserrista e outro de Operador de Explotación Forestal.

Considerando que na data do parágrafo anterior realízase unha xornada informativa onde se comunica ás entidades os datos relativos aos traballadores seleccionados para cada unha delas. Desde este momento, as empresas están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Por outra banda e de acordo a base 6 das bases que regulan a selección do persoal os desempregados beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación ou renuncia (segundo o Anexo IV), no caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia no prazo entenderase como aceptado.

Considerando que en relación ós postos de Oficial 1ª Motoserrista e Operador de Explotación Forestal, os traballadores seleccionados, Don Jesús García Álvarez e Don David Torres Lombardero respectivamente, renuncian ós postos, quedando a entidade sen candidatos.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado III Fase I, a efectos de xustificación, abóase con data 4 de decembro de 2017 o pago do anticipo pola cantidade de 14.400,00€.

Considerando que con data 27 de agosto de 2018, dentro do prazo establecido na Base 16 do Programa, a entidade beneficiaria presenta documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 27 de maio de 2019, cando se emite informe por parte desta Sección para que se tramite a aprobación da conta xustificativa (26.206,26€) e o ingreso da subvención polo importe que foi anticipado e non xustificado, é dicir, mil trescentos trinta e un euros con cincuenta e un céntimos (1.331,51€). Tendo en conta que foi necesaria realizar unha regularización da subvención concedida (18.000,00€) debido a que o período de contrato do posto de operador de explotación forestal a data de 30 de agosto de 2018, final do período subvencionado, foi de 165 días.

Considerando que con data 15 de xaneiro de 2020 o servizo de Intervención remite un informe no que fai constar a súa conformidade co importe a reintegrar que foi anticipado e non xustificado, é dicir, mil trescentos trinta e un euros con cincuenta e un céntimos (1.331,51€).

Considerando que con data 11 de febreiro de 2020 remítese requirimento á entidade beneficiaria solicitándolle documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, de conformidade co Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 72.2 g “do Contido da Conta Xustificativa “e atendendo de forma expresa o disposto na Base 16 do Programa:

“(…)

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación:ESO4-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

(…)”

Comunicándolle, así mesmo, que a entidade beneficiaria dispón dun prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da presente comunicación para remitir á Sección de Promoción Económica e Emprego a documentación necesaria para completar a conta xustificativa, advertíndolle que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e procederase o inicio do procedemento de reintegro das cantidades percibidas non executadas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación das Bases 18 e 19 da Fase I do Programa. A entidade recolle con data 24 de febreiro de 2020 a notificación.

Considerando que debido a suspensión de prazos administrativos recollidos na Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, paralizase o prazo de 15 días ó que fai referencia a notificación remitida á entidade beneficiaria.

Considerando que en relación o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, aprobado con data 23 de maio de 2020, no seu artigo 9 “Prazos administrativos suspendidos en virtude do Real Decreto de 436/2020, do 14 de marzo” establece que:

“(…)

Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que fosen suspendidos renovarase, ou se reiniciará, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas

(…)”

Neste sentido, o prazo para remitir a documentación requirida por parte da entidade beneficiaria remata o día 2 de xuño de 2020. A entidade beneficiaria non presenta dita documentación no prazo establecido.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

“(…)”

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(…)”

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que con data 17 de xullo de 2020 apróbase en Xunta de Goberno o inicio do procedemento de reintegro á entidade beneficiaria, polo importe anticipado e non xustificado, 1.331,51 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó non presentar a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III.

Considerando que con data 27 de xullo remítese á entidade beneficiaria notificación do acordo de xunta de goberno comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. A entidade recolle a notificación con data 30 de xullo de 2020.

Considerando que con data 17 de agosto de 2020 a entidade beneficiaria ingresa na conta bancaria da Deputación Provincial de Lugo 1.331,51 € en concepto de débeda principal. A esta cantidade débenselle sumar os xuros de demora xerados ata a data de ingreso, segundo o establecido no artigo 90 da Lei Xeral de Subvencións, que tal e como se recolle no cálculo do Servizo de Tesouraría da Deputación Provincial de Lugo de data 2 de setembro de 2020 ascende a 135,07 €. Neste sentido, con data 17 de agosto de 2020 a entidade beneficiaria fai un primeiro ingreso xunto co da débeda principal por valor de 130,84 €. Esta cantidade complétase con data 3 de setembro de 2020. Con 4,23 €, alcanzando a cantidade total que se corresponde cos xuros de demora, 135,07 €.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III, no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 72.1 g) do Real decreto 887/2006, polo

que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o artigo 90 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento e de acordo ó informe da Sección de Promoción Económica e Emprego no que se indica que a entidade beneficiaria ó remitir a carta de pago de reintegro dos remanentes non aplicados xunto cos xuros derivados dos mesmos completa a documentación precisa para liquidar a conta xustificativa da subvención dentro do Programa Ben Empregado III, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

A resolución do procedemento de reintegro da entidade A-16-440 Reimondo González, Jesús unha vez devolta as cantidades adebadas por parte da entidade beneficiaria, sendo estas 1.331,51 €, en concepto de débeda principal, aboada con data 17 de agosto de 2020 e 135,07 €, en concepto de xuros de demora, aboada con data 17 de agosto e 3 de setembro de 2020, dando por pechado dito procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURA.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor.

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MARGARIDE	820,00
ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	783,00
PATRONATO PRO ESCUELA SANTABALLA	969,00
ANPA DA ESCOLA INFANTIL DE FOZ “GALIÑA AZUL”	709,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de setembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 046, do sábado 23 de febreiro de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva; logo de ver a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Categoría	Nome Entidade	Nome actividade	Subvención
Actividade competitiva federada 2019	Ribadeo Futbol Club	Futbol	1.046,00 €

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN ANTICIPADA DUN FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Visto que Dona María Luisa Bastos Dellepiane , Funcionaria Provincial, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada de data 28 de xullo de 2020 (Rexistro Xeral de Entrada de data 2807/2020). Neste escrito o devandito funcionaria, afiliada ao Réxime Xeral da Seguridade Social e en situación de alta, solicita a xubilación anticipada a partir do día 28 de outubro de 2020, sendo este o última día de traballo.

Tendo en conta o establecido no artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece.

“1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

2.- A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

3.- A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

(...)”.

Doutra banda o Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece

“Xubilación anticipada por vontade do interesado

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada”.

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a).”

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicárase de maneira gradual, fixándose para no ano 2020, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis.	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses.

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas, así como os informes que constan no expediente, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo para a xubilación anticipada de Dona M^a Luisa Bastos Dellepiane dende o día 28 de outubro de 2020, sendo o día 28 de outubro de 2020, o último día que presta servizos nesta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE ACORDO POLO QUE SE RESOLVE O EXPEDIENTE Nº 2020/XEN_01/001857.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Con data 14 de setembro de 2020, notifícaselle a Don Manuel Veiga Román a Proposta de Resolución do expediente disciplinario incoado por Decreto da Presidencia de 21 de outubro de 2019, co seguinte contido:

“1.- Antecedentes

1.1.- Incoación expediente disciplinario

Por Decreto da Presidencia de 21 de outubro de 2019, incoouse expediente a Don Manuel Veiga Román, nomeándose Instrutor e Secretaria, notificándose ó empregado, Instrutor, Secretaria, e ó Comité de Empresa.

A incoación do expediente disciplinario, fundaméntase no informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro de 24 de setembro de 2019 no que dá conta do incidente ocorrido nas instalacións da mesma o día 13 de setembro de 2019. O mencionado informe da traslado ó escrito de Don Julio Pena Ares, Maquinista da Granxa, que literalmente sinala:

“Julio Pena Ares, con DNI 33852****, Maquinista da Granxa Provincial

Informo:

Que no día de hoxe, as 13.10 horas, despois de haber limpado os filtros do tractor Jhon Deere con matrícula E_9807 BFC, o chegar á oficina da unidade de leite, Manuel Veiga Román, traballador tamén da Granja Gayoso dirixiuse a min e a José Manuel Casares Rodríguez, peón da Granja Gayoso, que me axudou nas tarefas de limpeza dos filtros dicíndonos “pode vir ben limpio o tractor”, e mais concretamente a min: “tu non tes nin puta idea de tractores nin de filtros. Esta semana son eu o jefe do tractor” o que lle respotei: “se tú o tiveses limpio non facía falta que o limpase eu, que non o limpache en todo o mes e logo o tractor e teu”, a resposta de Manuel Veiga Román a partir de ese momento foi totalmente agresiva dicíndome que non valía para nada e vindo hacia min con actitud amenazante dicíndome entre outras cousas “Me cago na puta que te pariu” “A ti déronche a plaza”. Ante estes feitos o resto dos traballadores presentes (José Manuel Casares Rodríguez, Iván Ferro Pena e David Fernández Rodríguez) interpuxéronse entre nos e leváronnos a cada un polo seu lado.

O que lle comunico os efectos oportunos.

Castro Riberas de Lea, 13 de setembro de 2019”.

O contido escrito está corroborado polas testemuñas presentes no momento do incidente, traballadores da Granxa Provincial, Don José Manuel Casares Rodríguez, Don Iván Ferro Pena e Don David Fernández Rodríguez.

2.- Tramitación

Conforme determina a normativa de aplicación ao persoal laboral desta Deputación, realizáronse os seguintes trámites:

a) Toma de declaración do presunto inculpado, como primeira medida, realizándose o 12 de xuño de 2020. Compre dicir, que en resposta á pregunta de se “a discusión que se produce (na

mañá do 13 de setembro) foi como se relata no escrito de Julio Pena” “ Dice que sí, que el non ten porqué mentir” Engade que “nese momento dixen esa frase como puiden dicir outra” e que tamén él (Julio Pena) dixo “eu a ti pásote polos c...” “ Tu nunca da casa siliche”

b) Dilixencias previas, consistentes na toma de declaración ó empregado denunciante, Don Julio Pena Ares, o 16 de xuño de 2020, co obxecto esencial de determinar si mantiña o manifestado no seu escrito de 13 de setembro de 2020. Julio Pena mantén o dito no escrito engadindo que fixo ese traballo por orden do Director da Granxa, collendo o tractor que estaba parado, sen ser utilizado por ninguén e foi a limpalo porque necesitaban utilizalo pola tarde. Manifesta tamén que foi Manuel Veiga quen iniciou a discusión, que “se viña hacia min” e “eu fíxenlle fronte inda que nese momento interviñeron os compañeiros e evitaron o enfrontamento”.

c) Co mesmo obxectivo tamén foron citadas as testemuñas, Don Iván Ferro Pena o 12 de xuño de 2020 e a Don David Fernández Rodríguez e D. José Manuel Casares Rodríguez o 16 de xuño. Das declaracións realizadas, conclúese que D. José Manuel Casares e D. David Fernández ratífanse en que os feitos producíronse tal como se reflicte no escrito asinado o 13 de setembro. D. Iván Ferro sinala que “basicamente foron así”.

Compre aclarar que as dilixencias anteriores estaban previstas para o 5 de novembro de 2019 demorándose a causa da baixa por incapacidade temporal de Don Manuel Veiga.

d) Prego de cargos:

Á vista do actuado, constatándose que os feitos contidos na denuncia inicial (escrito de 13.09.2019) son admitidos no esencial polo propio empregado (Manuel Veiga) e son corroborados polas testemuñas, procede formular o prego de cargos, realizándose con data 23 de xuño de 2020, sendo notificado a Don Manuel Veiga Román na mesma data e ó Comité de Empresa en data 27 de xullo de 2020.

e) Alegacións expedientado:

Mediante escrito de 7 de xullo de 2020, o expedientado presenta alegacións ó contido do prego de cargos, que reitera en escrito de 31 de agosto de 2020, que serán analizadas de forma específica e conxunta dada a coincidencia esencial entre as mesmas.

f) Práctica das probas:

O 3 de agosto de 2020 practícanse as probas, estando presentes o expedientado, o seu asesor, así como o Instrutor e a Secretaria, tomando declaración ás testemuñas Don José Manuel Casares Rodríguez, Don David Fernández Rodríguez e Don Iván Ferro Pena, así como ó Director da Granxa Don Miguel Ángel Fernández López.

Da practica das probas constátase:

Que se produce unha discusión iniciada por Don Manuel Veiga.

Que no transcurso desa discusión, todas as testemuñas acreditan que Don Manuel Veiga proferiu as frases inxuriosas que constan na denuncia (“Me cago na puta que te pariu” “A ti déronche a plaza”) Lémbrese que o propio traballador recoñeceu telas dito en declaración de 12 de agosto de 2020.

Respecto ás posibles frases inxuriosas ou insultos de D. Julio Pena Ares cara a D. Manuel Veiga constátase que unha das testemuñas nega que houbo insultos e as outras dúas non lembran ningún insulto concreto mais que “ ti nunca da casa saíches”.

Que dúas das testemuñas sinalan que non lembran ningunha frase inxuriosa de Don Julio Pena cara Don Manuel Veiga e unha terceira manifesta que non houbo tales frases.

Que dúas testemuñas manifestan que Don Manuel Veiga tivo unha actitude ameazante cara a Don Julio Pena, mentres que ningunha das testemuñas considera que se dera a situación a inversa.

Que dúas das testemuñas non consideran que haxa acoso da Dirección cara ó expedientado inda que unha terceira manifesta que pode “ non se lle recrimina igual”.

g) Vista do expediente:

Con data 17 de agosto de 2020, dáse vista ó expediente notificándolle ó expedientado mediante escrito de 14 de agosto de 2020 e con data de recibí de 17 de agosto de 2020.

h) Alegacións do expedientado:

Mediante escrito de 31 de agosto de 2020, o expedientado presenta as alegacións que constan no expediente.

3.- Consideracións en relación coas alegacións do expedientado

O traballador expedientado formula alegacións en data 7 de xullo e 31 de agosto de 2020 que analizamos conxuntamente dada a coincidencia esencial entre ambos escritos.

O alegante manifesta que o que se produxo foi “unha discusión dentro do ámbito laboral”, e “en términos normales” respecto “a la forma de realizar el trabajo”.

Esta manifestación non pode aceptarse á vista das probas practicadas nas que todas as testemuñas concordan en que Don Manuel Veiga, proferiu os insultos que constan no escrito de 13 de setembro de 2019.

É certo que se produce cunha discusión entre ambos traballadores mais non queda probado que Don Julio Pena Ares, proferise ningunha frase insultante contra Don Manuel Veiga Román.

Alega tamén que non pode aceptarse a afirmación de que “los expedientes que sistemáticamente se le aperturan al alegante es fruto del acoso laboral, y animadversión del Coordinador de la Granja hacia el alegante”, polas seguintes razóns:

O expedientado, foi sancionado pola comisión dunha falta cualificada como leve precisamente por protagonizar un incidente similar ao que agora é obxecto deste expediente. Nese

expediente quedou probada a falta cometida, consistente en proferir insultos ó Coordinador da Granxa.

Tal como manifestou ó Director da Granxa, nalgunha ocasión tivo que lembrarlle que este era o seu superior xerárquico e que debía seguir as súas instrucións de traballo e si discrepaba debería falar con él.

No expediente que agora se está a tramitar, non interveu en absoluto o Coordinador da Granxa.

Das declaracións do Director da Granxa, parece máis certo que o que se produce realmente é que o traballador amosa ou manifesta resistencia a seguir as indicacións e ordes de traballo que os superiores lle transmiten, particularmente si este é o Coordinador, así como dificultade a incardinarse nos equipos de traballo e tendencia a non implicarse ou tratar de demorar a actividade.

Por outra parte, das tres testemuñas que declaran no expediente, dúas declaran que non hai tal acoso ou que non lles consta. Unha terceira, despois de manifestar que “pode ser” que haxa un trato diferente conclúe que, “ultimamente pode ser que estea un pouco mais encima del”: e dicir, que se controla mellor o traballo que fai, o que non quer dicir que se produza ningún acoso.

En conclusión, nin expedientes sistemáticos, nin acoso. Nese sentido, non debe confundirse “acoso” con esixencia de cumprimento das obrigas laborais. Non obstante, tomando en consideración o declarado polo Director da Granxa, mais ben parece que hai un amplo marxe de tolerancia, posto que si se produciu un mal trato de maquinaria, como afirma na súa declaración, e non se lle fixo máis que un reproche formal non pode afirmarse que haxa “acoso”.

Manifesta tamén prescrición de infracción conforme ó artigo 60 do Estatuto dos Traballadores. Nese sentido, debe dicirse que o réxime disciplinario do persoal laboral, réxese, en primeiro lugar polo Título VII do RD 5/2015, de 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, que establece que as faltas graves prescriben ós 2 anos.

Finalmente, respecto á infracción do artigo 193 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, consta no expediente notificación de nomeamento de Instrutor e Secretaria, o que garante a posibilidade de ser recusados.

4.- Normativa de aplicación

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).

Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (CCU), publicado no BOP de 30 de agosto de 1990.

Decreto 94/1991, de 20 de marzo polo que se aproba o Regulamento de Réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, concordante co Real Decreto 33/1986, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Administración do Estado.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Reglamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011.

5.- Feitos probados

É un feito probado que Don Manuel Veiga Román, Peón da Granxa “Gayoso Castro” proferiu insultos contra Don Julio Pena Ares, Maquinista da Granxa “Gayoso Castro”, feito que ocorreu o 13 de setembro do 2019 ás 13:10 horas dese día, cando Don Julio Pena Ares regresaba

acompañado de Don José Manuel Casares Rodríguez de limpar o tractor “Jhon Deere” con matrícula E_9807 BFC, tarefa que realizaron por orde do Director da Granxa.

Os insultos consistiron en dicirlle “me cago na puta que te pariu” “a ti déronche a praza”.

Este feito é corroborado por todas as testemuñas e admitido polo expedientado.

Queda corroborado que, á volta de limpar o tractor, produciuse unha discusión, mais esta se inicia por Don Manuel Veiga, tendo que defenderse Don Julio Pena que viña de realizar unha tarefa que lle ordenaran e que resultaba necesaria para poder traballar con ese tractor pola tarde. Non se proba que Don Julio Pena, proferise insultos ou palabras ofensivas contra Don Manuel Veiga Román.

6.- Tipificación da falta

Os feitos probados tal como se reflicten no punto anterior, constitúen unha falta grave que cabe incardinar como “atentado grave á dignidade do persoal funcionario”, tipificación prevista no artigo 186.1.r) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

7.- Proposta de sanción

O artigo 189 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, contempla, entre outras sancións para o persoal laboral, pola comisión dunha falta grave “a suspensión de emprego e soldo por un período entre 15 días e 3 anos”.

Consta tamén no expediente que D. Manuel Veiga Román foi sancionado con unha suspensión de emprego e soldo de 15 días por unha conduta similar que foi cualificada como falta leve.

Atendendo a canto precede, baixo o principio de proporcionalidade que debe presidir o grao de aplicación das sancións, proponse sancionar a Don Manuel Veiga Román, Peón da Granxa Provincial “Gayoso Castro”, con unha suspensión de emprego e soldo de 3 meses, salvo mellor

criterio da Xunta de Goberno, órgano a quen corresponde resolver definitivamente o sobre a sanción a impoñer.

Notifíquese ó interesado, para que no prazo de 10 días, poida alegar ante o Instrutor do expediente, canto considere para a súa defensa.

Conforme ó establecido no artigo 65.2 a) do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, (BOP de 30/08/1990), comuníquese ó Comité de Empresa coa indicación de que dispón dun prazo de 10 días para ser oído, de así estimalo, no procedemento”.

Con data 28 de setembro de 2020, o expedientado presentou as alegacións que constan no expediente (páxinas 281 a 304). En relación coas mesmas debe sinalarse:

Alegación primeira:

Manifesta o expedientado a súa desconformidade coas conclusións a que chega o instrutor, invocando ás declaracións de Don David Fernández Rodríguez e Don Iván Ferro Pena, e, indicando que estes empregados declararon que “Don Julio Pena también profirió insultos a Don Manuel Veiga Román”. Nesa liña sinala que “Don David Fernández Rodríguez, que afirmou en su declaración que don Julio Pena le dijo a Don Manuel Veiga frases como: nunca saliche da casa y algún otro insulto más que no recordaba”. Esta alegación hai que contextualizala nas coas declaracións das testemuñas citadas, non sen antes lembrar que o escrito de denuncia dos feitos acaecidos o 13 de setembro de 2019, escrito asinado por Don Julio Pena Ares (páxina 7 do expediente) foi corroborado polas tres testemuñas (Don Iván Ferro Pena, Don José Manuel Casares Rodríguez e Don David Fernández Rodríguez).

Declaración de Don David Fernández Rodríguez:

Declaración realizada o 16 de xuño de 2020, páxinas 125 a 127 do expediente.

Despois de ratificarse no contido da declaración asinada o 23 de setembro de 2019, páxina 13 do expediente, declaración en que manifesta que “os feitos foron tal como relata no escrito de denuncia” de D. Julio Pena Ares.

“Pregunta: (...) Don Julio fixo algunha manifestación que puidese considerarse ofensiva por parte de D. Manuel Veiga?

Resposta: Eu creo que non. Manuel Veiga estaba cabreado porque pensaba que podían deixar para a tarde o traballo de limpar os filtros do tractor”.

Declaración realizada o 3 de agosto de 2020, páxinas 211 a 213 do expediente:

“Pregunta: É certo que Don Manuel Veiga Román se dirixiu en actitude ameazante cara a Don Julio Pena Ares?

Resposta: Sí

Pregunta: É certo que ante esa actitude ameazante tiveron que interpoñerse para que Don Manuel Veiga Román non agredise a Don Julio Pena Ares?

Resposta: Sí, interpuxéronse entre os dous. Cada vez era máis acalorado pero eu non sei si se iban agredir”.

En consecuencia, despois de reiterar que Don Manuel Veiga dirixiuse en actitude ameazante cara a Don Julio Pena e se tiveron que interpoñer entre os dous porque a discusión era cada vez máis acalorada, manifesta, respondendo á pregunta do expedienteado sobre si recorda o que lle dixo Don Julio, “nunca da casa saliche” e “algún insulto máis que non recordo”.

Nese sentido, debe sinalarse que o “insulto” que Don Julio profire contra Don Manuel (“nunca da casa saliche”), non pode cualificarse como tal; pode ser unha apreciación despectiva que non resiste a comparanza coas palabras pronunciadas por Don Manuel Veiga (“me cago na mai que te pariu” “a ti déronche a praza”), palabras que atentan gravemente á dignidade persoal e

profesional de Don Julio Pena Ares, máxime ó ser pronunciadas diante de outros compañeiros de traballo.

Ademais de que a expresión que a testemuña lembra, non pode cualificarse como insulto, debe engadirse neste punto, que ningún outro declarante fai referencia a esa frase nin a ningunha frase concreta, polo que non se pode considerar probada unha afirmación que só expresa o expedientado, concretamente en declaración de 12 de xuño de 2020, páxina 105 do expediente, loxicamente en defensa propia, e unha testemuña (Don David Fernández Rodríguez) de forma ambigua e inconcreta como vimos de ver.

Declaracións de Don Iván Ferro Pena:

a) Declaración de 12 de xuño de 2020 (páx. 110 do expediente).

Ao igual que a anterior testemuña, despois de ler a declaración asinada o 17 setembro de 2019, manifesta que “Basicamente foi así”.

b) Declaración de 3 de agosto de 2020 (páxina 221 do expediente). O expedientado en fase probatoria fórmúlalle a seguinte pregunta:

“Pregunta (de Don Manuel Veiga): Recorda algunha palabra ou algún insulto que me dixeran Don Julio a min?

Resposta (de Don Iván Ferro): O certo é que pasou bastante tempo. As frases que di Don Manuel Veiga sí as recordo. Concretamente non me recordo de todos os insultos, pero Don Julio sí que dixo algo que non recordo. Houbo un acaloramento entre dúas persoas que se insultaron unha á outra”.

É dicir: Non hai dúbida respecto ós insultos que proferiu Don Manuel Veiga contra Don Julio Pena, que a testemuña recorda. Pola contra, non lembra o que lle dixo Don Julio a Don Manuel (“algo que non recordo”).

Consecuencia do sinalado, tamén se conclúe que non é certo o afirmado polo alegante cando di: “además el testigo manifestó que sí recordaba las frases reiteradas por el alegante en la prueba testifical”, esto es: “a ti pásote polos collóns y ti nunca saliches ca casa” tal como se desprende da transcripción literal do declarado.

Aínda que esta frase é un tanto confusa, o certo é que as frases “a ti pásote polos collóns” e “ti nunca da casa saíche” só constan na declaración do expedientado, Don Manuel Veiga, en declaración realizada o 12 de xuño de 2020 (páxina 105 do expediente). Ningunha testemuña recorda esas frases, só un lembra que Don Julio Pena dixo “nunca saliche da casa”.

Debe sinalarse, que esas declaracións de 3 de agosto de 2020, na fase de proba, as testemuñas declararon en presenza de Don Manuel Veiga e do seu asesor, sen que estivese presente o insultado.

Aínda así, tal como consta no expediente citado, non se logra probar que foi o que dixo Don Julio Pena contra Don Manuel Veiga, excepto unha frase (“ti nunca da casa saíches”), que como xa se dixo, non pode entenderse como un insulto nin garda proporción algunha coas manifestacións de Don Manuel Veiga verdadeiros insultos contra a dignidade persoal e profesional de Don Julio Pena. É máis, Don José Manuel Casares manifesta en declaración realizada o 3 de agosto de 2020, páxinas 207 a 209 do expediente, en resposta ás preguntas de Don Manuel Veiga, o seguinte:

“Pregunta: Veu Don Julio Pena ameazante cara a min?

Resposta: Non.

Pregunta: Porqué os agarraron?

Resposta: Porque Don Manuel Veiga iba contra o agredido.

Pregunta: Na declaración anterior di que agarraron a ambos.

Resposta: Sí, aínda que eu non agarrei a ninguén.

Pregunta: Se a discusión foi por motivos laborales?

Resposta: Si empezou con ocasión de ir nos a limpar o tractor.

Pregunta: Houbo algunha actitude de menosprecio de Don Julio Pena contra min?

Resposta: Non.

Pregunta: Que palabras dixo Don Julio, que amenazas?

Resposta: Ningunha.

En conclusión, efectivamente os incidentes prodúcense no ámbito laboral, pero iso non ampara a conduta inxuriosa do expedientado.

Nese sentido acredítase que:

Don Julio Pena está a realizar un traballo por orde do Director.

Cando colle o tractor, este non estaba sendo utilizado.

É Don Manuel Veiga quen inicia a discusión e diríxese de xeito ameazante contra Don Julio Pena.

Os insultos que profire contra Don Julio Pena, están recoñecidos polo expedientado e corroborados por todas as testemuñas. Os insultos son concretos “ me cago na mai que te pariu” e “ a ti déronche a praza ” e moi graves, pronunciados diante doutras persoas, recoñecidos polo expedientado que en ningún momento se retractou do dito.

Non hai constancia testifical ningunha de insultos concretos de Don Julio a Don Manuel, mais que a comentada frase (“ti nunca da casa saliche”), que non pode cualificarse como insulto.

Manifesta tamén o alegante que o expediente é consecuencia da “animadversión” do Coordinador da Granxa e do manifestado por Don Iván Ferro no sentido de que “Por cousas que escoito ou podo ver, por unha determinada acción non se lle recrimina igual a don Manuel Veiga que a outro. Pode ser que haxa un trato diferente. Últimamente pode ser que sí que estean un pouco máis encima del”.

Neste punto, Don José Manuel Casares, respostando á pregunta que lle realiza Don Manuel Veiga, en fase probatoria (páxinas 203 a 209 do expediente) manifesta o seguinte:

“Pregunta: Conoce as desavenencias entre o Coordinador da Granxa e eu?

Resposta: Non.”

Nese sentido, cabe resaltar, que o Coordinador da Granxa é alleo a estes feitos, xa que nin sequera traballou o día que se produciron os feitos analizados, e que as declaracións de Don Iván Ferro non se refrendan con feitos concretos nin proba algunha máis que vaguidades do tipo “por cousas que escoito” ou “pode ser que haxa...”.

Tampouco pode xustificarse que “las frases proferidas entre los trabajadores son fruto de la tensión laboral puesto que el alegante necesitaba el tractor”.

Por unha parte “las frases” non son equivalentes. Nun caso hai insultos probados; no outro, unha frase pouco ou nada trascendente, en ningún caso un insulto, dita en reacción á actitude agresiva de Don Manuel Veiga.

Por outra parte, Don Julio levou o tractor a limpar por orde do Director, cando estaba parado, é dicir, sen que fora necesario para o traballo que estaba a facer Don Manuel Veiga cando o colleron. Aínda no suposto hipotético que se retrasasen un pouco, tal retraso non autoriza a conduta de Don Manuel Veiga, nin xustifica, en ningún caso as palabras soeces e agresivas pronunciadas

por este, gravemente atentatorias contra a dignidade persoal, familiar e profesional do seu compañeiro de traballo.

En definitiva, contra o que alegante manifesta, a conduta de Don Manuel Veiga non pode subsumirse nunha “discusión laboral ordinaria”, nin as palabras utilizadas poden ser consideradas “expresiones de uso corrente” fruto de “la progresiva degradación del lenguaje”, posto que tal como se dixo, e no contexto público en que se manifestou Don Manuel Veiga, fire directamente á outra persoa, que por iso, toma a iniciativa de denunciálo (en escrito de 13 de setembro de 2019 que, non nos esquezamos, corroboran as tres testemuñas); que dado que se considera agredida na dignidade persoal, familiar e na dignidade profesional provocando un incidente que prexudica ó ambiente de traballo e bo clima laboral, ata o punto de que os compañeiros do traballo teñen que intervir para que non se produza unha liorta que inicia Don Manuel Veiga recriminándolle a Don Julio unha tardanza nun traballo, cando non ten responsabilidade superior sobre Don Julio Pena, e aínda que así fora, non serían esas as palabras axeitadas nin o modo correcto de actuar.

Alegación segunda

Alega tamén a vulneración do principio de igualdade por non dar o mesmo trato aos dous traballadores, o que debe rexeitarse posto que ambos tiveron ocasión de facer valer as súas posicións na tramitación do expediente. Outra cousa distinta é que, á luz das declaracións e manifestacións que constan no expediente conséntase a existencia de dúas condutas laborais contrapostas. Proba diso é que Don Manuel Veiga non denuncia nin manifesta nada en relación ós feitos acaecidos o 13 de setembro de 2019, o que é sintomático de que non se sente agraviado e só reacciona cando se lle piden explicacións polo ocorrido. Un é o que profire os insultos e outro e quen os padece.

Alegación terceira

Tampouco pode aceptarse a falta de tipicidade por non encaixar na infracción invocada (art. 186 e non haber animus inxurioso. A liberdade de expresión non ampara as inxurias e ofensas graves (“me cago na puta que te pariu” e “a ti déronche a praza”) aos superiores e compañeiros.

O artigo 7.2 do Código Civil, sinala:

“2. A lei non ampara o abuso do dereito ou o exercicio antisocial do mesmo. Todo acto ou omisión que pola intención do seu autor, polo seu obxecto ou polas circunstancias en que se realice sobrepase manifestamente os límites normais do exercicio de un dereito, con dano para terceiro, dará lugar á correspondente indemnización e á adopción das medidas xudiciais ou administrativas que impidan a persistencia no abuso”.

Neste caso, non pode ter amparo a grave desconsideración e menosprezo á nai do compañeiro e a acusación de darlle un emprego público, e a el mesmo, feito diante dos compañeiros que o testifican e sen mediar ningunha xustificación máis que a conduta carente de urbanidade e respecto cara os compañeiros.

O ben xurídico perseguido é o de respecto aos superiores e compañeiros deducido dos principios de conduta do EBEP (art. 54.1 do EBEP):

“tratarán con atención e respecto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados públicos”.

Alegación cuarta

Respecto á alegación de prescrición fixemos referencia ó artigo 93.4 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, Texto Refundido do EBEP. Nese sentido, invocando ó artigo 60 do Estatuto dos Traballadores, o Tribunal Supremo, Sala cuarta, do social, sentenza do 23 de maio de 2013 (rec 2178/2012) aclara que ao persoal laboral, en materia disciplinaria lle resulta de plena aplicación o artigo 97 do EBEP, xa que a propia norma establece que así o indica o artigo 93.4 do EBEP, polo que non cabe estimar a prescrición que se solicita.

Alegación quinta

Alega o expedientado “que las expresiones proferidas no alcanzan la gravedad y culpabilidad suficiente para ser sancionadas” (Alegación primeira, paxina 295 do expediente) e que se vulnera o principio de proporcionalidade (paxina 301 do expediente).

Nese sentido, invoca á Sentenza 187/2017, de 23 de marzo do TSX de Extremadura, referida a unha sanción de despedimento. A argumentación sobre a proporcionalidade entre falta e sanción ten razón de ser, no suposto enxuízado, en que o despido é a sanción máxima e por iso sinala que as ofensas verbais deben ser de tal gravidade e culpabilidade coa súa máxima intensidade xa que o despido é a sanción máxima.

Nese caso a sanción con suspensión de emprego e soldo, por falta grave, vai dos 15 días aos 3 anos (art. 189 Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia); polo que propoñer 3 meses de sanción sobre 36 posibles, garda unha proporcionalidade axustada (10% da sanción máxima) á falta cometida e o suposto analizado non garda correspondencia coa realizade fáctica do presente expediente.

Alegacion sexta

Respecto á falta de notificación alegada, non pode aceptarse tal, basta con acudir ás páxinas 43 a 45 do expediente nas que consta a designación de Instrutor, Secretaria e Secretario suplente, notificado e recepcionado polo interesado o 28 de outubro de 2019. Respecto ó órgano que lle corresponde resolver é de coñecemento público, pois así consta no artigo 59.2 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo, publicado no Boletín Oficial da Provincia de 3 de setembro de 2020.

Proposta de acordo

Á vista do sinalado; tendo en conta a normativa referida na proposta de resolución e en uso das atribucións que lle confire a esta Xunta de Goberno o artigo 59.2 do Regulamento Orgánico desta Entidade (BOP 3.09.2020), propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por Don Manuel Veiga Román en escrito de 25 de setembro de 2020, rexistrado de Entrada nesta Deputación o 28 de setembro de 2020, polos motivos expresados anteriormente.

2º.- Aprobar a proposta de resolución formulada polo Instrutor do expediente, transcrita no presente Acordo e, en concreto:

A) Declarar como feitos probados:

É un feito probado que Don Manuel Veiga Román, Peón da Granxa “Gayoso Castro” proferiu insultos contra Don Julio Pena Ares, Maquinista da Granxa “Gayoso Castro”, feito que ocorreu o 13 de setembro do 2019 ás 13:10 horas dese día, cando Don Julio Pena Ares regresaba acompañado de Don José Manuel Casares Rodríguez de limpar o tractor “Jhon Deere” con matrícula E_9807 BFC, tarefa que realizaron por orde do Director da Granxa.

Os insultos consistiron en dicirlle “me cago na puta que te pariu” “a ti déronche a praza”.

Este feito é corroborado por todas as testemuñas e admitido polo expedientado.

Queda corroborado que, á volta de limpar o tractor, produciuse unha discusión, mais esta se inicia por Don Manuel Veiga, tendo que defenderse Don Julio Pena que viña de realizar unha tarefa que lle ordenaran e que resultaba necesaria para poder traballar con ese tractor pola tarde. Non se proba que Don Julio Pena, proferise insultos ou palabras ofensivas contra Don Manuel Veiga Román.

B) Tipificación da falta:

Os feitos probados tal como se reflicten no punto anterior, constitúen unha falta grave que cabe incardinar como “atentado grave á dignidade do persoal funcionario”, tipificación prevista no artigo 186.1.r) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

C) Proposta de sanción

O artigo 189 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, contempla, entre outras sancións para o persoal laboral, pola comisión dunha falta grave “a suspensión de emprego e soldo por un período entre 15 días e 3 anos.

Consta tamén no expediente que D. Manuel Veiga Román foi sancionado con unha suspensión de emprego e soldo de 15 días por unha conduta similar que foi cualificada como falta leve.

Atendendo a canto precede, baixo o principio de proporcionalidade que debe presidir o grao de aplicación das sancións, sanciónase a Don Manuel Veiga Román, Peón da Granxa Provincial “Gayoso Castro”, con unha suspensión de emprego e soldo de 3 meses. O cumprimento da sanción iniciárase no día seguinte á notificación do presente Acordo.

D) Notificación

Notifíquese ao expedientado, e pónase en coñecemento do Director da Granxa Gayoso Castro e das Unidades administrativas que deban coñecelo para levar a cabo a execución da sanción.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN, CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2019/2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das Bolsas de Estudos para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao curso académico 2019-2020, de conformidade co artigo 56 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 53 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE AXUDAS DE GARDERÍAS PARA FILLOS/AS E ORFOS/AS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN, CORRESPONDENTES AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE SETEMBRO DO 2019 E O 31 DE AGOSTO DO 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período de 1 de setembro de 2019 ao 31 de agosto de 2020, de conformidade co artigo 59 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 56 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial,

publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN CORRESPONDENTES AO ANO 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao ano 2018, de conformidade co artigo 58 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 55 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo

Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.